

Número 6 - Ano 2025

ACTA

da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de maio de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e 11 minutos do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementsos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste o Ilmo. Sr. tenente de alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 26 de maio de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/73 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE ABRIL DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/74 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUÍR UNHA NAVE PARA CEBADEIRO DE GANDO VACÚN EN ABUÍN-PEDREDA.

INTERVENCIÓN

3/75 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL NÚMERO 7/2025. REPAROS 25/2025, 27/2025 E 28/2025.

PROPOSICIÓN

4/76 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 136/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO CONVOQUE UN GRUPO DE TRABALLO PARA ESTUDAR A SITUACIÓN DA PRAIA FLUVIAL NA CONTORNA DOS ROBLES (Exp. 2025/G004/000239).

5/77 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 138/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A FALTA DE REGULACIÓN NAS PLANTAS DE BIOGÁS (Exp. 2025/G004/000249).

6/78 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 153/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE, SINALIZACIÓN E DRENAXE DO BARRIO DE CASÁS (Exp. 2025/G004/000268).

7/79 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 154/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN REXISTRO MUNICIPAL DE PERSOAS ELECTRODEPENDENTES (Exp. 2025/G004/000269).

8/80 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 155/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CONSTITUCIÓN DO CONSELLO LOCAL DE SEGURIDADE (Exp. 2025/G004/000270).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

9/81 COMPARECENCIA EN PLENO DO ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 13/66 ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O 30 DE ABRIL DE 2025, PARA EXPLICAR AS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO AO CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO (Exp. 2025/G004/000246).

10/82 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE ABRIL DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000265).

INTERVENCIÓN

11/83 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025.

TESOURERÍA

12/84 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE ABRIL DE 2025.

13/85 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 157/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA AUTÓNOMO QUE PERMITA O ACCESO ÁS PISCINAS MUNICIPAIS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 158/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXE A RÚA FONMIÑÁ NO BARRIO DE BUROZOS.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 159/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE LLE REITERE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE QUE SE DEA O NOME DE TOMÁS NOTARIO VACAS Á PONTE DAS SAAMASAS.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 160/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INFORME DAS TRAMITACIÓNS DOS TAPÓNS URBANÍSTICOS DE CAMIÑO DE PIPÍN, RÚA MACEIRA CON RÚA JUANA LA LOCA E AVENIDA DA CORUÑA.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 161/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CON DIVERSAS CUESTIÓNS QUE ATINXEN Á INSTALACIÓN DOS NOVOS CONTADORES DIXITAIS DE AUGA LIMPA.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 162/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DOS HORTOS URBANOS.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 163/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA RECUPERACIÓN DA NORMALIDADE NA RÚA QUIROGA BALLESTEROS E OUTRAS CUESTIÓNS RELATIVAS ÁS OBRAS DO CENTRO HISTÓRICO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 164/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN DAS ESCRITURAS DAS VIVENDAS DO BARRIO DA CROA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/73 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE ABRIL DE 2025.-

Vista a proposta de Secretaría, do 26 de maio de 2025, do seguinte teor:

“O Excmo. Concello Pleno o pasado día 30 de abril de 2025 celebrou a súa sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Da referida sesión levantouse a correspondente acta que, unha vez incorporadas as intervencións nela producidas, foi asinada pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2025.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,
ACORDA:

APROBAR a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2025.

Rematado o estudo e votación do asunto que antecede e antes de entrar no exame do resto dos puntos que figuran na orde do día, DONA ELENA CANDIA LÓPEZ sinala que dada a ausencia do Sr. Permuy, e para non romper o equilibrio de maiorías existentes na corporación, así como para non dilatar a duración da sesión, naqueles asuntos que se produza un resultado de empate, deberá entenderse o seu voto como de abstención.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois o noso agradecemento por esa actitude, e pasamos ao seguinte punto da orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/74 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUÍR UNHA NAVE PARA CEBADEIRO DE GANDO VACÚN EN ABUÍN-PEDREDA.-
Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, do 16 de maio de 2025, do teor literal seguinte:

“ASUNTO: Solicitud de declaración de especial interese ou utilidade municipal da solicitude de licenza urbanística para construír unha nave para

cebadeiro de gando vacún en Abuín-Pedreda, presentada por Inloga Enxeñeiros SL, en representación de Manuel Ángel López Sanfiz.

Na data de 30.01.2025, INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de MANUEL ÁNGEL LÓPEZ SANFIZ (NIF 33830074H), solicita licenza de obras para construír unha nave para cebadeiro de gando vacún en Abuín-Pedreda (exp. 2025/Y001/000025).

Con data de 31.01.2025, INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de MANUEL ÁNGEL LÓPEZ SANFIZ (NIF 33830074H) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras para construír unha nave para cebadeiro de gando vacún en Abuín-Pedreda, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (exp. 2025/T028/000293).

Con data de 21.02.2025, INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de MANUEL ÁNGEL LÓPEZ SANFIZ (NIF 33830074H), achega certificado actualizado da inscrición da explotación agraria con código REAGA G2702802436, da que é titular MANUEL ANGEL LOPEZ SANFIZ (NIF 33830074H), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2025/T028/000293).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4º bis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

“Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”

Visto o informe de Facenda Local de data 15.05.2025, segundo o cal a solicitude presentada por INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de MANUEL ÁNGEL LÓPEZ SANFIZ (NIF 33830074H) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de MANUEL ÁNGEL LÓPEZ SANFIZ (NIF 33830074H), procedendo á declaración das obras para construír unha nave para cebadeiro de gando vacún en Abuín-Pedreda, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 26 de maio de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por INLOGA ENXEÑEIROS SL (CIF B27348481), en representación de MANUEL ÁNGEL LÓPEZ SANFIZ (NIF 33830074H), procedendo á declaración das obras para construír unha nave para cebadeiro de gando vacún en Abuín-Pedreda, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

3/75 **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL NÚMERO 7/2025. REPAROS 25/2025, 27/2025 E 28/2025.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 20 de maio de 2025, do teor literal seguinte:

“Asunto: Tramitación de aprobación de facturas			
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O			
Recoñecemento	extrajudicial	7-2025_Reparo	25-2025_Reparo
27-2025_Reparo	28-2025_Fra.	Código 111819.	
IMPORTE TOTAL: 75.105,20 €			
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2025: 75.105,20 €			

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de **75.105,20 €**

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2025, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **75.105,20 € (contía imputable ao orzamento 2025)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2025/711, do 19.05.2025, relativo ao expediente administrativo de recoñecemento extraxudicial de crédito 7-2025_Reparo 25-2025_Reparo 27-2025__Reparo 28-2025_Fra. Código 111819, coas consideracións nel contidas, e os decretos de levantamento de reparo núm. 4791/2025, do 16.05.2025, 4792/2025, do 16.05.2025, e 4629/2025, do 13.05.2025, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados

nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **75.105,20 €**:

- Facturas Reparo 25-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO
105043	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	000024	LUCELUGO; ENE-13; La Voz de Galicia; Lugo; Modulo; 5x2 MOD;- --	17000.22001	202500023060	289,00	31/1/2024	AMBIENTE	C
110077	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1218	Desratización en redes de serv icios Mes de agosto 2024 (PRE SUPUESTO SERVICIO CONTROL DE PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JULIO	17000.22799	202500023061	18.642,47	31/8/2024	AMBIENTE	C
112351	OS VENTOS B70493275	112	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Uxio No	23165.22799	202500018081	1.892,31	21/1/2025	CCUXIO	C
112685	OS VENTOS B70493275	287	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. María B	23167.22799	202500018094	5.024,40	10/2/2025	CCMILAGROS	C
TOTAL						25.848,18			

- Facturas Reparo 27-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
103704	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	128	PICADO Y REPOSICION DE TRES LLAVES DE EMPOTRAR Y REPOSICION DE DOS AZULEJOS--	23150.21200	202500027995	193,60	13/11/2023	SOCIAIS	B
106681	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	11	ESCUELA INFANTIL SERRA DE OUTE S - LIMPIEZA DE CALDERA DE GAS ---	32381.21300	202500003029	302,50	9/1/2024	ENXEÑERIA	B
107798	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	2024	SINIESTRO MERCADO - PLAZA DE A BASTOS - CAMBIAR BOCA DE RIEGO ---	43120.21200	202500027095	1.204,81	25/4/2024	ENXEÑERIA	B
109619	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA	A15030414	A24-1076	Desratización en redes de serv icios Periodo correspondiente desde el 30/07 al 31/07 (PRESU PUESTO SERVICIO CONTROL DE PLA	17000.22799	202500023061	1.242,83	31/7/2024	AMBIENTE	C

109907	DROGA CONDE S A	A15023856	2024//243441	01104140 - Hipoclorito Sódico CONTENEDOR kg ---	16100.22699	202500023063	519,09	14/8/2024	AMBIENTE	B
110456	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA	A15030414	A24-1365	Desratización en redes de servicios Mes de septiembre 2024 (PRESUPUESTO SERVICIO CONTROL DE PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JU	17000.22799	202500023061	18.642,47	30/9/2024	AMBIENTE	C
110558	DROGA CONDE S A	A15023856	2024//244137	01104140 - Hipoclorito Sódico CONTENEDOR kg ---	16100.22699	202500023063	1.038,18	1/10/2024	AMBIENTE	B
110595	SALZILLO SEGURIDAD SA	A73100638	S24-01806	Vigilancia de la carpa situada en la Pl. de la Soledad de Lugo mediante 1 Vs. desde las 21.00h del 5 de septiembre de 2024.	43120.22699	202500014757	370,60	30/09/2024	CIDADAN	D
111297	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	100	SINIESTRO: PARQUE DE BOMBEROS - LOCALIZAR Y REPARAR FUGA DE GAS, DESMONTAR Y VOLVER A COLO CAR TODAS LAS ABRAZADERAS DEL	13600.21300	202500027103	323,07	21/10/2024	ENXEÑERÍA	B
111300	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	102	CENTRO CIVICO UXIO NOVONEIRA, LOCALIZAR AVERIA EN CENTRAL DE GAS, SUSTITUCION DE CENTRAL DE GAS Y SENSORES, NO MANTENIA	23185.21200	202500027104	1.718,20	22/10/2024	ENXEÑERÍA	B
111302	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	109	LIMPIEZA DE LA CALDERA DE PELL ET EN EL COLEGIO SAGRADO CORAZON- LIMPIEZA DE LA CALDERA,	32000.21200	202500006761	1.076,90	25/10/2024	ENXEÑERÍA	B

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

				HO GAR, PASO DE HUMOS, SINFIN DE						
111304	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	110	REPARAR AVERIA EN CALDERA CEI NODUS - DESMONTA R QUEMADO R PAR A LOCALIZAR AVERIA EN FASE ENC ENDIDO, SUSTITUIR TRANSFOR MADO	24103.21200	202500027997	625,57	25/10/2024	ENXEÑE RIA	B
111326	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	112	LUGAR DEL TRABAJO: COLEGIOS AS MERCEDES Y MONTIRON- LIMPIEZA DE CALDERAS Y POSOS DE HUMOS, LIMPIEZA DE QUEMADO RES, ESTAN	32000.21200	202500006761	605,00	29/10/2024	ENXEÑE RIA	B
111346	XARDINOR SL	B27299387	20240337	FACTURAS	17000.22699	202500023064	320,99	8/11/2024	AMBIENT E	B
111569	SANEAMIENTO S RIGA SL	B27030311	2024/A/241120	11316 SIFON JIMTEN HORIZONT A L S/VALV. S-65 40-1 1/2"-00008 - OBRA: COLEGIO LUIS PIMENTEL - 00008 - OBRA: COLEGIO ROSALIA	32000.21200	202500006761	160,48	29/11/2024	ENSINAN ZA	B
111702	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	120	LUGAR DEL SINIESTRO: COLEGIO A S MERCEDES , REPARAR AVERIA EN CALDERA, CEBAR GRUPO DE PRESI ON DE GASOLEO, CEBAR QUEMADO R	32000.21200	202500006761	290,40	11/11/2024	ENXEÑE RIA	B
111703	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	121	LUGAR DEL SINIESTRO: COLEGIO D E ALBEIROS , LIMPIEZA CALDERA DE GASOLEO, REPARAR AVERIA EN QUEMADO	32000.21200	202500006761	692,81	11/11/2024	ENXEÑE RIA	B

				R, LOCALIZACI ON DE AVER						
111705	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	125	LUGAR DEL SINIESTRO: COLEGIO A S MERCEDES , CAMBIAR PUERTA DE CALDERA, LLAVE DE RADIADOR Y EPARAR OTRAS DOS LLAVES Y MANO	32000.21200	202500006761	2.111,45	30/11/2024	ENXEÑE RIA	B
111845	ACCIONES TECNICAS Y CONSTRUCTIV AS SLU	B27348515	100024	Levantamine to topográfico de d etalle de la zona propuesta pa ra la instalación de pasarelas para el baño público en el rí	17000.22706	202500023113	847,00	16/12/2024	AMBIENT E	B
112053	INSTALACIONE S DEPORTIVAS NORTE SLU	B27447168	084	RC: 2023000144 12 MES DICIEMBRE 2024 Mantenime nto dos equi pos d e depuración e climatización i nstalados nas Caldas do Miño (	17000.22799	202500023116	1.047,86	31/12/2024	AMBIENT E	B
112537	TA TA TA COMUNICACIO N Y DISEÑO	B27321926	4083	RENOVACI ÓN DE HOSTING E DOMINI OS "localmentel ucense" (desde o 11/11/2023 ata o 10/11/2024) - RENOVACI ÓN DE HOSTING E DOMIN	24100.22699	202500016939	223,00	3/2/2025	NODUS	B
TOTAL							33.556,81			

- Facturas Reparo 28-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110752	FDS CULTURAL SLU	B09929613	292024	CONCERTO ABYA YALA - 09 DE OCTU BRE DE 2024- SAN FROILAN 2024- LUGO---	33801.22699	202500006566	1.663,50	11/10/2024	FESTA S	D
110785	WETUNTUM - ASSOCIAÇÃO CULTURAL DE DESENVOLVI MENTO ARTISTICO	PT509983596	5	Mimo's Dixie Band	33801.22699	202500006566	4.500,00	14/10/2024	CULTU RA	B

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

110809	JOKAI KULTUR ELKARTEA	G71434013	4	JUEGOS DE MADERA	33801.22699	202500006566	2.070,00	15/10/2024	FESTAS	D
111794	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIOFUSIÓN SLU	B28016970	001174	CUÑAS PROMOCIÓN EN RADIO LUGO SER CULTURA (BIBLIOTECA S, FALA GALEGO, SALAS MUSEÍSTICAS , MURALLA) ---	33000.22602	202500006617	2.724,29	30/11/2023	CULTURA	B
111942	LOPEZ*ALVAR EZ, JOSE MARCOS	33333888B	62	Xestión das redes sociais da Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Mes novembro 2024,---	33000.22699	202500006616	1.502,42	10/12/2024	CULTURA	B
TOTAL							12.460,21			

- Factura Código 111819:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
111819	LOPEZ*ARIAS, MARIA CARMEN	33306714T	2	OBRADOIRO DE COSMÉTICA NATURAL (XABÓNS, LOCÍONS, CORPORÁIS, A CEITES, POMADAS E TINTURAS), I MPARTIDO EN ASOCIACIÓN VECINAL	92400.22699	202500001702	3.240,00	5/12/2024	CIDADAN
TOTAL							3.240,00"		

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitido na sesión celebrada o día 26 de maio de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, APROBAR a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no

presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **75.105,20 €**:

- Facturas Reparo 25-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A NIF/CIF	NUM_FACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO REPARO
105043	LA VOZ DE GALICIA SA A15000649	000024	LUCELUGO; ENE-13; La Voz de Galicia; Lugo; Modulo; 5x2 MOD;- -	17000.22001	202500023060	289,00	31/1/2024	AMBIENTE	C
110077	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA A15030414	A24-1218	Desratización en redes de serv icios Mes de agosto 2024 (PRE SUPUESTO SERVICIO CONTROL DE P LAGAS Y LEGIONELA 30 DE JULIO	17000.22799	202500023061	18.642,47	31/8/2024	AMBIENTE	C
112351	OS VENTOS B70493275	112	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. Uxio No	23165.22799	202500018081	1.892,31	21/1/2025	CCUXIO	C
112685	OS VENTOS B70493275	287	Servizo de animación sociocult ural nos centros de convivenci a municipais e outros (Exp. Re f.: 2019-003) - C.C.M. María B	23167.22799	202500018094	5.024,40	10/2/2025	CCMILAGRO S	C
TOTAL						25.848,18			

- Facturas Reparo 27-2025:

CÓDIGO	PROVEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
103704	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	128	PICADO Y REPOSICIO N DE TRES LLAVES DE EMPOTRAR Y REPOSICIO N DE DOS AZULEJOS--	23150.21200	202500027995	193,60	13/11/2023	SOCIAIS	B
106681	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	11	ESCUELA INFANTIL SERRA DE OUTE S - LIMPIEZA DE CALDERA DE GAS ---	32381.21300	202500003029	302,50	9/1/2024	ENXEÑE RIA	B
107798	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	2024	SINIESTRO MERCADO - PLAZA DE A BASTOS - CAMBIAR BOCA DE RIEGO ---	43120.21200	202500027095	1.204,81	25/4/2024	ENXEÑE RIA	B
109619	SANAL CONTROL MEDIOAMBIEN TAL SA	A15030414	A24-1076	Desratizació n en redes de serv icios Periodo corresponde nte desde el 30/07 al 31/07 (PRESU PUESTO SERVICIO CONTROL DE PLA	17000.22799	202500023061	1.242,83	31/7/2024	AMBIEN TE	C

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

109907	DROGA CONDE S A	A15023856	2024//243441	01104140 - Hipoclorito Sodico CONTENEDOR kg ---	16100.22699	202500023063	519,09	14/8/2024	AMBIENTE	B
110456	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA	A15030414	A24-1365	Desratizaci3n en redes de serv icios Mes de septiembre 2024 (PRESUPUESTO SERVICIO CONTROL DE PLAGAS Y LEGIONELA 30 DE JU	17000.22799	202500023061	18.642,47	30/9/2024	AMBIENTE	C
110558	DROGA CONDE S A	A15023856	2024//244137	01104140 - Hipoclorito Sodico CONTENEDOR kg ---	16100.22699	202500023063	1.038,18	1/10/2024	AMBIENTE	B
110595	SALZILLO SEGURIDAD SA	A73100638	S24-01806	Vigilancia de la carpa situada en la Pl. de la Soledad de Lugo mediante 1 Vs. desde las 21.00h del 5 eptiembre de 2024.	43120.22699	202500014757	370,60	30/09/2024	CIDADAN	D
111297	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	100	SINIESTRO: PARQUE DE BOMBEROS - LOCALIZAR Y REPARAR FUGA DE GAS, DESMONTAR Y VOLVER A COLO CAR TODAS LAS ABRAZADERAS DEL	13600.21300	202500027103	323,07	21/10/2024	ENXEÑERIA	B
111300	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	102	CENTRO CIVICO UXIO NOVONEIRA, LOCALIZAR AVERIA EN CENTRAL DE GAS, SUSTITUCION DE CENTRAL DE GAS Y SENSORES, NO MANTENIA N	23185.21200	202500027104	1.718,20	22/10/2024	ENXEÑERIA	B
111302	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	109	LIMPIEZA DE LA CALDERA DE PELL ET EN EL COLEGIO SAGRADO CORAZ ON- LIMPIEZA DE LA CALDERA,	32000.21200	202500006761	1.076,90	25/10/2024	ENXEÑERIA	B

				HO GAR, PASO DE HUMOS, SINFIN DE						
111304	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	110	REPARAR AVERIA EN CALDERA CEI NODUS - DESMONTA R QUEMADO R PAR A LOCALIZAR AVERIA EN FASE ENC ENDIDO, SUSTITUIR TRANSFOR MADO	24103.21200	202500027997	625,57	25/10/2024	ENXEÑE RIA	B
111326	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	112	LUGAR DEL TRABAJO: COLEGIOS AS MERCEDES Y MONTIRON- LIMPIEZA DE CALDERAS Y POSOS DE HUMOS, LIMPIEZA DE QUEMADO RES, ESTAN	32000.21200	202500006761	605,00	29/10/2024	ENXEÑE RIA	B
111346	XARDINOR SL	B27299387	20240337	FACTURAS	17000.22699	202500023064	320,99	8/11/2024	AMBIENT E	B
111569	SANEAMIENTO S RIGA SL	B27030311	2024/A/241120	11316 - SIFON JIMTEN HORIZONT A L S/VALV. S-65 40-1 1/2"-00008 - OBRA: COLEGIO LUIS PIMENTEL - 00008 - OBRA: COLEGIO ROSALIA	32000.21200	202500006761	160,48	29/11/2024	ENSINAN ZA	B
111702	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	120	LUGAR DEL SINIESTRO: COLEGIO A S MERCEDES , REPARAR AVERIA EN CALDERA, CEBAR GRUPO DE PRESI ON DE GASOLEO, CEBAR QUEMADO R	32000.21200	202500006761	290,40	11/11/2024	ENXEÑE RIA	B
111703	RODRIGUEZ*C ABANAS, PABLO	33338769Q	121	LUGAR DEL SINIESTRO: COLEGIO D E ALBEIROS , LIMPIEZA CALDERA DE GASOLEO, REPARAR AVERIA EN QUEMADO	32000.21200	202500006761	692,81	11/11/2024	ENXEÑE RIA	B

				R, LOCALIZACI ON DE AVER						
111705	RODRIGUEZ* CABANAS, PABLO	33338769Q	125	LUGAR DEL SINIESTRO: COLEGIO A S MERCEDES , CAMBIAR PUERTA DE CALDERA, LLAVE DE RADIADOR Y EPARAR OTRAS DOS LLAVES Y MANO	32000.21200	202500006761	2.111,45	30/11/2024	ENXEÑE RIA	B
111845	ACCIONES TECNICAS Y CONSTRUCTIV AS SLU	B27348515	100024	Levantamine to topográfico de d etalle de la zona propuesta pa ra la instalación de pasarelas para el baño público en el rí	17000.22706	202500023113	847,00	16/12/2024	AMBIENT E	B
112053	INSTALACIONE S DEPORTIVAS NORTE SLU	B27447168	084	RC: 2023000144 12 MES DICIEMBRE 2024 Mantenimiento dos equipos d e depuración e climatización i nstalados nas Caldas do Miño (	17000.22799	202500023116	1.047,86	31/12/2024	AMBIENT E	B
112537	TA TA TA COMUNICACIO N Y DISEÑO	B27321926	4083	RENOVACI ÓN DE HOSTING E DOMINI OS "localmentel ucense" (dende o 11/11/2023 ata o 10/11/2024) - RENOVACI ÓN DE HOSTING E DOMIN	24100.22699	202500016939	223,00	3/2/2025	NODUS	B
TOTAL							33.556,81			

- Facturas Reparo 28-2025:

CÓDIGO	PROVEEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA	MOTIVO
110752	FDS CULTURAL SLU	B09929613	292024	CONCERTO ABYA YALA - 09 DE OCTU BRE DE 2024- SAN FROILAN 2024- LUGO---	33801.22699	202500006566	1.663,50	11/10/2024	FESTA S	D
110785	WETUMTUM - ASSOCIAÇÃO CULTURAL DE DESENVOLVI MENTO ARTISTICO	PT509983596	5	Mimo's Dixie Band	33801.22699	202500006566	4.500,00	14/10/2024	CULTU RA	B

110809	JOKAI KULTUR ELKARTEA	G71434013	4	JUEGOS DE MADERA	33801.22699	202500006566	2.070,00	15/10/2024	FESTAS	D
111794	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIODIFUSIÓN SLU	B28016970	001174	CUÑAS PROMOCIÓN EN RADIO LUGO SER CULTURA (BIBLIOTECA S. FALA GALEGO, SALAS MUSEÍSTICAS, MURALLA)	33000.22602	202500006617	2.724,29	30/11/2023	CULTURA	B
111942	LOPEZ*ALVAREZ, JOSE MARCOS	33333888B	62	Xestión das redes sociais da Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Mes novembro 2024,---	33000.22699	202500006616	1.502,42	10/12/2024	CULTURA	B
TOTAL							12.460,21			

- Factura Código 111819:

CÓDIGO	PROVEEDOR/A	NIF/CIF	NÚM_FACT	CONCEPTO	APLICACIÓN	NÚM_OPER	TOTAL	DATA	ÁREA
111819	LOPEZ*ARIAS, MARIA CARMEN	33306714T	2	OBRADOIRO DE COSMÉTICA NATURAL (XABÓNS, LOCÍONS, CORPORÁIS, CEITES, POMADAS E TINTURAS), IMPARTIDO EN ASOCIACIÓN VECIÑAL	92400.22699	202500001702	3.240,00	5/12/2024	CIDADAN
TOTAL							3.240,00"		

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a primeira quenda de palabra a voceira municipal Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Durante este exercicio, tal como consta no informe técnico remitido á Xunta de Goberno local, remitíronse por parte dos servizos municipais ao Departamento de Contabilidade municipal diversas facturas devindicadas e executadas no exercicio anterior que non puideron ser imputadas ao orzamento por un importe total de 75.105,20 euros. No actual exercicio prodúcese a verificación da existencia destes informes de conformidade, sendo preceptivos e exixibles para a tramitación do correspondente expediente para o seu recoñecemento, que é o que hoxe traemos aquí a Pleno. E, en relación co recoñecemento extraxudicial de crédito, gustárame dicir que, como responsables da Administración pública, consideramos que estes recoñecementos extraxudiciais son ferramentas esenciais para garantir o cumprimento das obrigas adquiridas con terceiros. A nosa prioridade segue sendo manter a transparencia e a legalidade, xunto coa solvencia e a xestión financeira, sen interrupción para que os provedores reciban o pago lexítimo dos servizos prestados. Vemos este mecanismo

non como unha acción discrecional, senón como unha necesidade derivada de circunstancias excepcionais que é o que sucede con estes servizos prestados. Se un servizo foi contratado, correctamente prestado, entendemos que a Administración, neste caso a local, debemos recoñecer esa débeda e proceder ao seu pago. Na práctica, o que se aplica con estes recoñecementos de créditos, avalados por este Pleno, se é o caso, é unha xustificación documental que se fai minuciosamente, asegurando que estes recoñecementos teñan os contratos, as facturas e os informes verificados, o cumprimento normativo co que garantimos a aplicación e o axuste da lexislación vixente, evitando interpretacións que poidan comprometer ese equilibrio orzamentario que necesitamos todas as administracións, unha garantía de continuidade para protexer a prestación de servizos públicos e a asegurar esta garantía provedores, evitando litixios innecesarios e un control e supervisión que implementamos cun control arduo da aplicación destes recoñecementos. Estamos convencidos e convencidas de que este recoñecemento ben aplicado, como é o caso ou pretendemos facer dende o Concello de Lugo, coa intervención dos técnicos e técnicas, que requiren este procedemento, é unha medida que fortalece a xestión pública e mantén a confianza da cidadanía, xa que garante ese pago a provedores é a prestación de servizos básicos. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora, cinco minutos, para a compañeira Mar Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas alcalde e bo día a todos e a todas. Señora Abelleira, escoitándoa tiven que mirar as facturas novamente porque parecía que falabamos de documentos diferentes. É increíble a capacidade que teñen no PSOE para branquear determinados actos e botarlle a culpa aos demais, case a mesma que o BNG para poñerse de perfil. O importe total dos recoñecementos e os reparos ascende a 75.105,20 euros que vostedes gastaron sen seguir os trámites legais, non porque o diga eu, non porque o diga o Partido Popular, senón porque o di o informe de Intervención, e o mesmo di a Lei. Nestes reparos novamente hai facturas de servizos sociais; un mes máis, seguen sen contrato de animación nos centros de convivencia municipais, e un mes máis tampouco teñen para a súa atención e dinamización. No Pleno pasado dicíame que estaban a traballar nel, pero a día de hoxe seguen con contrato caducado e prorrogado, igual que o de desratización para o mes de xullo, agosto e setembro do ano 2024 contrato caducado e prorrogado, un máis de tantos. A súa materia pendente, suma e segue. Nestes reparos inclúen 11 facturas á mesma persoa, ao mesmo provedor, algunhas incluso do ano 2023, de hai dous anos. O importe total é de máis de 9.000 euros polo mantemento de caldeiras, gas, radiadores nas que tampouco consta procedemento de licitación. Gustaríame saber varias cousas: primeiro, porque lles deben as facturas dende hai tanto tempo a un autónomo, insisto, máis de 9.000 euros, algunhas dende hai dous anos; segundo, porque non lle fan un contrato, levan máis dun ano demandando os seus servizos reiteradamente e se lle fan contrato aforrariáse tempo, traballo e diñeiro. Pero

seguimos, que aínda hai máis. Contrataron a vixilancia dunha carpa na praza da Soidade a quen lles deu a gana, porque unha vez máis nin procedemento de contratación nin nada de nada. Seguimos, praia fluvial, que diso falaremos despois, en decembro do ano 2024 contrataron unha empresa para facer o levantamento topográfico da zona proposta para a instalación de pasarelas para o baño público no río, e fixéronlle contrato? Non. Para que? Contrataron a quen vostede lle deu lle deu a gana, como lles deu a gana e pagándolles o que lles vén en gana. Gastar o diñeiro de todos é moi fácil, e as caldas son un exemplo, claro, estiveron case oito meses pechadas dende setembro do ano pasado ata hai uns días, pero, claro, os gastos de mantemento hai que pagalos igual, aquí temos unha factura de decembro polo mantemento dos seus equipos de depuración e climatización, 1.047,66 euros. E despois, ben, as facturas habituais de sempre. Por exemplo, ... comunicación e as que non faltan nunca, festas e cultura. E saben de canto hai facturas aquí? Pois, claro, do San Froilán, seguimos pagando facturas do San Froilán, facturas paradas en Intervención porque, como xa é habitual, nin sequera se molestaron en facer a licitación do contrato, a publicación, a consignación de gasto. Como xa dixen máis veces, non é que as teñan sen pagar e que as están pagando tarde, e que non cumpriron os trámites legais, non publican os contratos. Cantas facturas hai máis sen pagar do San Froilán? Aquí unha delas pon xogos de madeira por un importe de 2.000 euros. Eu creo que isto débese tratar dun erro, porque 2.000 euros por un xogo imaxínome que, mínimo, eran de ouro. É curioso que, como no Pleno anterior eu lles dicía que para o San Froilán faltaban cinco meses, hoxe xa só faltan catro, e que nin teñan convocado a primeira reunión da Comisión de Festas, que pasou onte? Pois, claro, como hoxe tiñamos Pleno, vese que se acordaron e convocáronnos para ter a primeira Comisión de Festas do San Froilán a catro meses da nosa festa patronal, e aínda imos comezar mañá, aínda imos comezar mañá organizala.

Señora González Abelleira, eu xa sei que a vostedes lles molesta que lles diga que todo isto son trapalladas, pero é que é a realidade, senón como cualifica vostede isto. O recoñecemento extraxudicial de crédito non é algo normal, é unha excepción ao principio orzamentario. Os reparos de legalidade, paráronllos dende Intervención, porque non cumpren os trámites legais. Non traten de branquealo. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois moitas grazas, señora Carballas. Segunda quenda para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas. Vostede fala de ilegalidades, pagar o que nos dá a gana, de facturas paradas. Eu creo que hai que mostrar un pouco máis de seriedade e, sobre todo, o respecto institucional cara aos trámites que son totalmente recoñecidos, legais e que son os que proceden en cada caso executar para resolver, como lles dicía na miña primeira intervención, esta facturación que require ou que, excepcionalmente, se executa despois do período que corresponde. Na nosa responsabilidade como Administración, señora Carballas, -e se considera que cometemos algunha fraude de lei, sabe a onde ten

que recorrer- aplicamos este recoñecemento de crédito para regularizar obrigas económicas excepcionais. Non porque nos dá a gana, porque é a figura que nos permite administrativamente a lei para garantir que esas facturas teñan ao seu cobro pertinente polos provedores que deron o servizo e a atención. Fala vostede de contratos que non se pagaron do ano pasado, eu pregúntolle: realizáronse esas actividades? Ou prefire que non se realicen e que despois non se pague tampouco, como vostede di, o que nos dá a gana? Son contratos que están en trámite, que intentamos ser o máis áxiles posibles, pero que aínda non conseguiron eses contratos administrativos necesarios, pero as actividades e os servizos estanse prestando. Polo tanto, a miña pregunta é: que quere que se deixen de facer actividades, que non se fagan as cousas? Eu creo que temos que ser un pouco máis serios, señora Carballas, e, dende logo, non estamos cometendo ningunha ilegalidade, como vostede di, nin pagándolle á xente o que lle dá a gana. Ao mellor outros nos teñen que dar explicacións. Garantimos esa débeda adquirida porque, se fan os traballos, porque se fan as actividades, cumprimos cos principios de transparencia, porque senón vostede non tería acceso a toda esa información, igual que temos ao resto dos concelleiros da legalidade e supervisión polos técnicos e técnicas correspondentes, asegurando que se xestione adecuadamente todos os servizos dentro dos límites normativos.

Polo tanto, eu creo que é banalizar neste tema, e dicir que somos uns ilegais e que facemos o que nos dá a gana, eu creo que merecen moito máis respecto. Este mecanismo ben utilizado, vólvolles repetir, señora Carballas, contribúe a estabilidade financeira da Administración e a continuidade dos servizos públicos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Abelleira. Ten agora quenda de réplica, tres minutos, a señora Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: En primeiro lugar, bo día a todos os veciños que hoxe nos acompañan, doulles a benvida. En segundo lugar, señora Abelleira, en serio vén vostede aquí a falarme de respecto institucional? En serio? E para seguir, as actividades hai que facelas, claro que si, pero non vale todo, hai que facelas seguindo os trámites legais. Chámase reparo de legalidade e páraas Intervención, as facturas, por algo. E para seguir, as facturas eu non as teño, eu vexo, xa llo dixen máis veces, o que poñen aquí, pero eu non teño as facturas. Así que non trata de dicir que temos acceso a información, porque xa sabemos como é o acceso á información que vostedes nos dan, bastante limitado, e non nos deixa ter copia de nada, ademais. Hai que aclaralo todo. Entón, o respecto institucional hai que demostralo, non dicilo, porque para vostedes todo vale, todo lles dá igual. No Pleno pasado viamos que lle pagabamos con reparo de legalidade, por unha banda, 1.500 euros mensuais a unha empresa para que xestione as redes sociais da Área de Cultura, 1.400 o web de Xuventude, 2.500 polo mantemento técnico dos contidos do portal municipal, e algunha cantidade indefinida pola xestión das redes sociais do Arde Lucus, en total, máis ou menos, 9.000 euros ao ano para xestionar as páxinas web, que viamos duplicidades, sobrecustos. ben, unha cantidade global moi grande. Este mes, entre os reparos, hai unha factura da Área de Cultura pola

xestión das súas redes sociais de 1.502,42 euros. Iso unha área. Imaxinemos se o multiplicamos polos 13 concelleiros, 20.000 euros ao mes, é dicir, 235.000 euros ao ano. Iso si, a páxina web da praza e do mercado dende xaneiro do ano 2022, tres anos e medio, sen actualizar, e despois non chega o diñeiro e hai que lles subir os impostos aos lucenses.

Pero volvemos ás facturas da Área de Cultura pola xestión das súas redes sociais, se miramos o seu Instagram e o seu Facebook, que é supostamente polo que se está pagando, vemos que teñen publicacións coas mesmas fotos e os mesmos textos que o instagram do BNG de Lugo, tres exemplos: Presentación do *Lugo máxico*, mesmas fotos e case os mesmos textos; celebración do Día das *Letras Galegas*, mesmas fotos e case mesmos textos; *Correlingua*, onte mesmo, mesmas fotos e mesmo texto. A verdade é que xa podían aproveitar e, de paso, que se actualizase a páxina web do Mercado, total que máis dá unha que outra que, como dicía antes, leva case tres anos e medio sen actualizarse.

Señora González Abelleira, creo que isto merece unha explicación. Estamos a pagar 1.500 euros por xestionar as redes de Cultura ou por xestionar as redes do BNG. Isto non é unha trapallada porque, senón, dígame vostede que é Señor Fernández, vostede sabía isto? Vaino permitir? Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Carballas. E pasamos á última quenda para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Vimos aquí a aprobar este recoñecemento extraxudicial de crédito de 75.105,20 euros, de actividades que se levaron a cabo nas que as empresas polos procedementos legais de concorrência ou como sexa o procedemento oportuno se presentan, señora Carballas. Isto non é chamar por teléfono e dicirlle canto me vai cobrar. Non. Hai procedementos regulados que vostede coñece, o que pasa é que está terxiversando de forma abrupta todo todo o procedemento administrativo, pero son servizos dados, servizos executados e que os provedores e as empresas que os fixeron teñen o dereito a cobralo, e os procedementos vanse seguir facendo, tal e como está regulado por lei. En ningún momento facemos o que nos dá a gana e en ningún momento cometemos ilegalidades. E, desde logo, vostede preguntalle cousas ao alcalde, ... tamén lle pregunto a vostede...

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo... Grazas. Ben, pois rematado o debate, imos proceder á votación... logo de saudar os veciños e veciñas da zona afectada polo biometano. Bo día e benvidos.

PROPOSICIÓNS

4/76 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 136/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE

LUGO CONVOQUE UN GRUPO DE TRABAJO PARA ESTUDAR A SITUACIÓN DA PRAIA FLUVIAL NA CONTORNA DOS ROBLES (Exp. 2025/G004/000239).-

Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“No ano 2011 a Deputación Provincial de Lugo inicia o trámite de autorización para a execución do proxecto de “Construción de pantaláns na zona de baño no río Miño” na contorna do tramo fluvial de “Los Robles” que tras varios trámites non chegou a executarse e do que tanto Concello como Deputación desistiron.

Dende esta data foron varias as localizacións propostas, como a do BNG no ano 2014 de situala fronte ao Pazo dos Deportes, ou a do goberno municipal de instalar as estruturas flotantes no Paseo do Miño, enfronte do parque infantil.

Foi en xaneiro de 2024 cando o GMPP presentaba unha proposición para a creación dunha mesa de traballo, que incluía a técnicos e grupos políticos de todas as administracións afectadas, para retomar o proxecto da praia fluvial e acadar esa infraestrutura coa maior brevidade posible. Esta proposta foi rexeitada polos grupos que conforman o equipo de goberno.

En febreiro dese mesmo ano era o PSOE o que presentaba unha proposición a Pleno para instarlle á Xunta de Galicia a realizar unha prospección que determinase un lugar viable. No debate desta iniciativa, o actual alcalde afirmaba que “Nos Robles. Iso é tanto como non querer a praia fluvial”

No día de hoxe, durante a celebración do Pleno do mes de abril de 2025, sen aclarar se iniciaran o proceso para autorizar a instalación da rampla de baño, o alcalde, dunha maneira explícita, recoñece que a única maneira de traballar é todos xuntos, implicando a todas as administracións, facendo súa a proposta que levamos moito tempo defendendo de situar a zona de baño fluvial na contorna dos Robles.

A praia fluvial de Lugo é un proxecto que debe ser prioritario e que leva moitos anos de demora. Engadindo as declaracións do rexedor no transcurso do pleno, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno Municipal acorde:

1. Instar un grupo de traballo con Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Deputación Provincial de Lugo, Xunta de Galicia e Concello de Lugo para retomar o proxecto da praia fluvial na contorna dos Robles co obxectivo de implantar esta infraestrutura coa maior brevidade posible.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, segundo manifestacións efectuadas ao principio da sesión |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra o voceiro... do PP, adiante cando queira, cinco minutos.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Bo día a todos e especialmente os veciños de Cuiña e de Soñar que nos acompañan hoxe, co desexo de que se cheguen aos acordos que todos impulsamos e desexamos.

Rexistramos esta iniciativa realmente como continuidade de moitas outras, pero especialmente como continuidade da iniciativa que se debateu na pasada sesión plenaria. Nese Pleno empezaba que hai un feito innegable, que é que Lugo non ten neste momento unha zona de baño público acondicionada de xeito suficiente como merece en termos de seguridade, en termos de comodidade, de salubridade, de protección ambiental ou de sostibilidade. Iso é un feito innegable.

Que, ademais, é un dos poucos concellos que non o ten de toda a provincia. No debate da sesión plenaria anterior traíamos moitos exemplos de distintos concellos de distinta cor política que tramitaron os seus expedientes con gobernos autonómicos e centrais tamén de distintas cores políticas e que conseguiron un proxecto axeitado para a súa veciñanza.

E, o terceiro feito innegable é que non nos iamos resignar, a pesar de que, como saben vostedes, levan gobernando esta cidade dende o ano 1999, e é certo que sempre despois de perder as eleccións excepto unha lexislatura, pero gobernando a cidade polos pactos que consegue.

Ante este contexto, retomábamos o que para nós era unha localización axeitada, de moito sentido común, que era a zona dos Robles, e traíamos a debate ese proxecto que se iniciou no ano o 2011 por parte da Deputación Provincial para a construción de pantaláns nesta zona do río Miño. Este expediente, que despois de moitos debates políticos, pero como sempre dicimos, o mellor debate é o que se sustenta nun documento, porque os papeis creo que calan barbas e creo que neste Concello, ademais, é imprescindible traballar con papeis, porque se di unha cousa e a contraria con moitísima facilidade. Teño estes principios e, se non che gustan, os escasos meses cámbioche de criterio e teño outros. En todo caso, no ano 2011 explicábamos que ese proxecto non é a que fora desestimado nin informado desfavorablemente, senón que foi desistido pola propia entidade solicitante e tiña e teño aínda hoxe a documentación que o acredita, de feito literalmente poñía declarar desistido da súa solicitude de autorización para a execución do proxecto da construción de pantaláns na zona do río Miño, no contorno dos Robles.

Nese debate, que cada un argumentou da mellor maneira que puido a necesidade de todo iso, pero parecía que todos os grupos políticos, efectivamente, estaban de

acordo en que Lugo merece unha zona de baño pública gratuíta e segura, onde este grupo creo que demostrou que a colocación de esas piscinas flotantes dentro do río Miño, que a Unesco criticaba, incluso advertía de que, de persistir nese proxecto, podía poñerse en perigo a distinción de Patrimonio Mundial dalgúns dos ítems que ten o Concello, grandes reclamos turísticos e patrimoniais, aínda que que vostedes digan que ese informe non é vinculante, eu creo que cando informa sobre algo a Unesco, parécenme moi importante telo en conta. Ben, nese debate, ao seu remate, nesas quendas onde normalmente o grupo que pon a moción xa non ten posibilidade de réplica, o señor alcalde literalmente retou -non é que me guste moito ese termo, xa dixen varias veces que é máis propio dunha película do oeste que non dun debate nunha Administración local- pero retoume, literal, a que traballáramos xuntos na construción dese proxecto. Ata aí, digamos que o debate remataría e poderíamos entender que se conseguiría ese obxectivo que tiñamos nesa iniciativa, pero a escasos segundos dese reto, votaron en contra da proposición. Entón, como asunto, pois a verdade é que leva no debate con moitas palabras, pero con poucos feitos durante moito tempo, este grupo municipal trae hoxe precisamente á sesión plenaria para que todos os grupos políticos digan se, efectivamente, subscriben a vontade ou o reto que fixo o alcalde na sesión plenaria anterior e efectivamente están de acordo en que sexa os Robles a localización do espazo de baño público, polo menos un deles, e queren que se traballe coordinadamente.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Rematou o seu tempo. Quenda agora para a voceira municipal, cinco minutos, señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Señora Candia, como vostede é maga en darlle a volta ás cousas, voulle ler, o que se dixo neste Pleno, e nese reto, que vostede lle chama. O señor alcalde dixo que deixara de actuar como delegada da Xunta *in pectore* e actúe como voceira municipal, que vaíamos xuntos á Xunta, á Deputación, á Confederación Hidrográfica, para facer a zona de baño nos Robles, como xa se proxectara. Falaba vostede da época do alcalde, señor Orozco, pero que tivemos todos todos todos, coma temos agora, todos os informes en contra por parte das administracións, se era por reserva da biosfera, senón era polos mexillóns, senón era porque non había leito suficiente, etcétera, etcétera, etcétera. E vostede a proposta que fixo, tamén literal, é que estamos encantados de que o alcalde rectifique e dea a razón ao PP. É dicir, a *medallita* de novo para a señora Candia, que tamén o alcalde lle dixo que non temos problema en compartir *medallitas*, pero cando son... A verdade é que non foi o PP o que propuxo a zona de baño nos Robles, e agora veñen cunha proposición a este Pleno na que queren levar os méritos a través dunha comisión de traballo, que esa comisión xa existe, que é o Goberno de Lugo, que ten que trasladarlle a través dos órganos que lle corresponda, vostede se quere actuar como vicepresidenta, como delegada da Xunta, como o que queira, como portavoz de la oposición, como concelleira do Partido Popular, pero queremos a praia ou a zona de baño pública en Lugo, actúe

como lle dea a gana, pero que veña, porque creo que os lucenses e as lucenses temos dereito a esa zona de baño, que levamos loitando moitísimos anos e creo que non é de dereito, igual cás 500 e pico, 507 creo que son, en toda Galicia, que teñen esas zonas de baño e consentidas pola Xunta de Galicia. E todo este traballo non foi posible, e chegaron a suxerirnos, incluso veladamente a través dos medios de comunicación, antes de recibir a comunicación oficial de trasladar incluso esta zona de baño pública -por iso se fai memoria, fágao de todo- fóra do propio municipio de Lugo, que fósemos os lucenses e as lucenses bañarnos a outro concello, e rematando incluso por criticar a existencia desa zona de baño público no parque do Miño.

Polo tanto, eu creo, xa o dixen na primeira intervención, que non se pode dar a volta ás cousas, que hai que falar con rigorosidade, porque é a quen nos debemos, aos veciños e veciñas, e o goberno desta cidade o único que pretende é adquirir esa zona de baño público, en primeiro lugar onde se propuxera hai moitos anos co alcalde Orozco, nos Robles, e, senón, fomos buscando alternativas e fixemos o que nos permitiron as administracións que teñen competencias noutras materias que a nós se nos escapan como Administración local.

E díxeno no anterior Pleno, que se temos que iniciar accións legais para determinar esas negativas continuas das administracións, farémolo; que se temos que reformular os proxectos iniciais, farémolo, pero o que non pode ser é que sigamos sen ter o disfrute desa zona de baño público por, creo, dende o meu punto de vista, caprichadas doutras administracións.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda de réplica para a señora Elena Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Mire, o debate é moito máis sinxelo, a min dáme igual como me chame, eu son voceira do grupo municipal, e así estou exercendo neste momento e hai unha realidade innegable: Vostedes levan gobernando esta cidade dende o ano 1999, as cousas que fixeron ben, obviamente, será mérito seu, e as cousas que están sen facer, mal que lles pese, terá que ser responsabilidade súa. Se neste momento as 54 parroquias, a maioría delas, están sen abastecemento de auga, algo terán que dicir, levan gobernando esta cidade 26 anos. Se neste momento as parroquias están sen saneamento, algo terán que dicir, porque levan gobernando 26 anos e xestionando unha cantidade económica moi moi importante, só en remanentes de Tesouraría dende o ano 2019 dilapidaron 53 millóns de euros, así que por falta de recursos tampouco sería, sería falta ou, polo menos, as prioridades que non estaban claras ou non eran coincidentes con este grupo.

Non é nada persoal, nós o único que queremos é ser parte da solución. Hai praia fluvial en Lugo neste momento, hai espazo de baño público? Non. Quere convencerme vostede de que son máis hábiles os gobernantes, da cor política que sexan, de Ribeira de Piquín, de Becerreá, de Outeiro de Rei, de Friol? Se son concellos que teñen o 10% da poboación que ten Lugo e gobernaron alcaldes de todas as cores políticas, recoñecen vostedes que o fan mellor que o goberno de

Lugo? Eu creo que non, eu creo que efectivamente estamos tan capacitados como os alcaldes e alcaldesas dos concellos que citei. O voso modelo, o seu modelo de espazo de baño público coa rampla que inauguraron en setembro do ano pasado, era un esperpento á intelixencia da xente, é un insulto aos lucenses que pagan os seus impostos. Por certo, o segundo o IVE máis caro de toda Galicia. E isto, que nesta segunda quenda era innecesario que llo recordara, porque vostede coñéceo coma min, eu expliquei da mellor maneira que entendíamos que o Robles era a mellor localización, polo menos para unha delas; expliquei que, ademais, os lucenses non deben de renunciar a ese proxecto. Parece que vostede agora di que foi culpa doutras administracións, pono en plural, cousa que me alegra porque efectivamente a responsabilidade da xestión do Miño é da Confederación Hidrográfica, que non é da Xunta de Galicia, pero é unha proposta construtiva para empuxar e para axudar. E a pregunta é moi sinxela: Están vostedes de acordo co reto que lanzaba o señor alcalde na sesión plenaria anterior? Se están de acordo, votemos a favor e traballemos xuntos. Se non están de acordo, pois votarán en contra e seguirán, ao mellor, facéndonos pensar que máis que interese en levalo a cabo, como que están acostumados a facer, o que lles gusta é ter a alguén a quen botarlle a culpa e seguir enredando, como dicía o señor alcalde, mareando a perdiz, para que Lugo non teña un espazo de baño público. Pero iso, insisto, con papeis demostráremolo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcalde. Por suposto que estamos de acordo co reto suscitado, pero non coa súa proposición, porque a súa proposición non fala do que falaba o señor alcalde, senón que esta proposición o que di é crear un grupo de traballo, un grupo de traballo que xa estamos traballando dende o goberno de Lugo para adquirir esa zona de baño fluvial. Polo tanto, o único que queren é incluírse no traballo do goberno. E vólvolle recordar, señora Candia, que non son goberno, que son oposición. Polo tanto, iso de chamar esperpento a unha rampla foi o que nos permitiron as administracións, ou non recorda todo o que pasou, cantas veces foron contar mexillóns, que foi o que nos permitiu colocar a Administración? Pois iso, non é un esperpento e, polo menos, dar facilidades de acceso ao río, non lle podemos chamar zona de baño público, pero é unha zona que está condicionada e no que hai garantía de seguridade para as persoas que queiran utilizar xunto cos baños, xunto coas tumbonas e outros materiais que se colocaron alí e que se investiron para o disfrute de toda a cidadanía.

Dilapidar 54 millóns e que falan con tanta falta de escrúpulos, nós non dilapidemos, administramos os cartos públicos. Prioridades, por suposto, se tiveramos as mesmas prioridades non seríamos o Partido Socialista. Entón hai diferenza dependendo de quen fale ou non.

Vostede falaba de pactos de perdedores, dicía que levamos perdendo eleccións pero gobernando, mire, señora, pactos de perdedores sonlle outra cousa. Nós

governamos porque licitamente adquirimos eses acordos e se outros non son capaces de adquirir acordos, non é problema do Partido Socialista, desde logo estas expresións demostran o grao democrático que ten a señora Candia. É que iso é o que establece a normativa, se chegamos a pactos governamos, se o Partido Popular non é capaz de chegar a pactos, quédase na oposición. Pero non somos perdedores, somos os que governamos a cidade de Lugo.

E palabras sen feitos. Se vostede bota a vista atrás, desde que levamos gobernando, o que mudou esta cidade. Fala de abastecemento nas 54 parroquias. Eu a pregunta que lle fago, señora Candia: o río Miño daría abastecido 54 parroquias, coa extensión que ten o concello de Lugo e o municipio de Lugo? Abastecer a 54 parroquias de auga? Sería ese formato ou habería que estudar..., pensa vostede que nós non traballamos nese sentido?

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para a señora Candia. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, esta última reflexión de verdade que dá para analizar, senón os concellos que non teñen río non terían abastecemento de auga. Increíble.

Ben, dito isto, que gobernan é unha realidade, e que nosoutros absolutamente respectamos, que perderon as eleccións é outra realidade, pero aínda así goberna e por iso deciden, e por iso teñen que neste momento tomar a decisión de se efectivamente están de acordo, que é a nosa proposta, de traballar conxuntamente coa Confederación Hidrográfica, coa Deputación de Lugo, coa Xunta de Galicia e o Concello de Lugo. Iso é o que se vai votar aquí, para facer un proxecto na contorna dos Robles. Por que o traemos? Porque o señor alcalde me di vaiamos xuntos da man á Xunta de Galicia, á Deputación e á Confederación. Dimo no Pleno anterior onde efectivamente seguía no mesmo lugar: na oposición despois de gañar as eleccións. Entón esa é a realidade. Están de acordo en cumprir o reto que o propio alcalde nos convidou? Que nosoutros si estamos, o Grupo Municipal do Partido Popular si está de acordo, voten que si, se non están de acordo, voten que non, e, a partir de aí, evidentemente, gobernar é decidir. Levan gobernando 26 anos e, se non hai unha praia fluvial neste momento é Lugo, é responsabilidade súa.

E probablemente traballen, eu non o poño en dúbida, pero dende logo teñen ou que traballar máis ou traballar mellor, porque os resultados non os están conseguindo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois, señora Candia, efectivamente levamos anos gobernando e levamos moitos, xunto coa Deputación, tratando de que Lugo teña unha zona de baño, unha praia digna, como merece a cidade, e non fomos capaces porque, entre outras cousas, vostedes puxeron todos os atrancos e impedimentos legais para que non se producira. E iso que lle chame esperpento, pois élle exactamente o único que desde a Xunta de Galicia nos permitiron, polo tanto, hai unha clara discriminación con respecto a todos a eses concellos que vostede citaba. E desde logo Lugo non

Ile é menos que ningún deses concellos, e se non temos outra instalación é porque non nos deixaron.

E logo, a ver, se queremos buscarlle solución, non enrede nin lle dea voltas, aquí hai un consenso, manifestouse un acordo unánime deste Pleno para que a localización sexa nos Robles, e, a partir de aí, pois temos que levar o procedemento que corresponde, que sería, en primeiro lugar, poñerse en contacto coas outras administracións implicadas: Xunta de Galicia, a Deputación e, a raíz diso, pois teremos que manter diferentes reunións e ese ofrecemento que lle facía, o reitero, cando teña que falar especificamente deste tema co presidente da Xunta ou con quen el delegue, pois non se preocupe que xa a convidarei a que me acompañe e que faga valer esas influencias que, supoñemos, debe ter na Xunta. Polo tanto, non se preocupe, e ese grupo de traballo, entendo eu, que sería consensuado polas tres administracións e tería un matiz puramente técnico, porque son solucións técnicas. Polo tanto, nós reiterámonos nese ofrecemento, pero sempre e cando no momento en que corresponda. Dito isto, pasamos a votar.

5/77 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 138/2025 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A FALTA DE REGULACIÓN NAS PLANTAS DE BIOGÁS (Exp. 2025/G004/000249).- Vistos:

1. A citada PROPOSICIÓN presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás-biometano pode ser un instrumento para conseguir unha “economía circular” verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Porén, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso da proxectada en Coeses. O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

O problema non vén pola tecnoloxía de biogás – biometano, senón polo modelo de planta que se está propoñendo, tanto na escasa distancia aos núcleos de poboación como na forma na que están xestionadas. Proxéctanse plantas de gran tamaño, que requiren un aporte constante e moi elevado de residuos para o seu procesamento, polo que os residuos de preto non son suficientes e tráenos de moito mais lonxe. A maior tamaño existe un maior volume de residuos almacenados (cos seus consecuentes cheiros), máis operacións de descarga, maior volume de dixestato a xestionar e tamén maiores riscos en caso de escape de emisións, incendio, etc.

No caso dos xurros, a biodixestión non actúa sobre o nitróxeno (o gran problema dos destes residuos) polo que o dixestato resultante ten a mesma cantidade de nitróxeno que conteñen os introducidos no biodixestor.

As plantas de biogás - biometano proxectadas actualmente, considerase que para alimentar o biodixestor non só se ten en conta a materia orgánica convencional senón tamén con materia orgánica procedente de diversos procesos industriais e que, polo tanto, materia que pode conter algunhas moléculas problemáticas: como produtos bioquímicos, residuos que conteñen metais pesados, disolventes orgánicos ou moléculas residuais de antibióticos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Establecer límites entre as plantas de biogás – biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, así como elementos patrimoniais ou bens naturais nun mínimo de 3.000 metros.
2. Establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos, e con carácter xeral a un máximo total de 50 quilómetros.
3. Limitar a capacidade das plantas de biogás -biometano e os seus procesos para evitar os danos ambientais e molestias á poboacións, a un volume máximo de 200.000 toneladas anuais.
4. Lexislar o sector establecendo unha serie de parámetros que deban cumprir as instalacións en canto aos materiais que entran como aos que saen.
5. Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización.
6. Restrinxir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural.

2. EMENDA DE SUPRESIÓN, número 166 de Rexistro de Pleno, presentada polo propio Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición, na que se sinala:

“Tras detectar un erro no terceiro dos acordos da proposición, modifícase o acordo eliminando dito punto, quedando o resto do texto sen modificar:

1. Establecer límites entre as plantas de biogás-biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, así como elementos patrimoniais ou bens naturais nun mínimo de 3.000 metros.
2. Establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos, e con carácter xeral a un máximo total de 50 quilómetros.
3. Lexislar o sector establecendo unha serie de parámetros que deban cumprir as instalacións en canto aos materiais que entran como aos que saen.
4. Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

5. Restrinxir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural."

3. EMENDA presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 167/2025 de Rexistro de Pleno, que foi REXEITADA polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción resultante da emenda de supresión presentada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA** instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Establecer límites entre as plantas de biogás-biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, así como elementos patrimoniais ou bens naturais nun mínimo de 3.000 metros.
- 2.- Establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos, e con carácter xeral a un máximo total de 50 quilómetros.
- 3.- Lexislar o sector establecendo unha serie de parámetros que deban cumprir as instalacións en canto aos materiais que entran como aos que saen.
- 4.- Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización.
- 5.- Restrinxir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a primeira quenda o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Bo día. Grazas alcalde. Un saúdo aos veciños e veciñas que están hoxe no Pleno. Con esta proposición, que non é un

debate novo neste Pleno, porque quixera lembrar que hai 12 meses, xusto nestas datas cúmprese un ano de que saltaba a alarma do proxecto de construción dunha planta de biometano a carón das casas que están no contorno da parroquia de Coeses. Nestes 12 meses foron moitas as mobilizacións: recollidas de sinatura, accións mediáticas, iniciativas presentadas a debate tanto neste Pleno como no Parlamento galego, pero, en definitiva, un traballo cheo de dignidade por parte dos veciños e veciñas que levan loitando todo este tempo para parar este proxecto. O certo é que a situación deu moitos xiros de guión, e, por poñer un exemplo, dos últimos exemplos, aquel informe da Confederación Hidrográfica desfavorable pola evacuación de augas desta planta, que obrigou á Consellería de Medio Ambiente a facer tamén un informe desfavorable por este anterior que era vinculante. Pero sabemos que iso non supuxo a suspensión total deste proxecto, senón que o que fixo é que a promotora estivese buscando outras opcións. Por tanto, agora estamos nun punto no que temos que buscar unha solución xa para parar definitivamente este proxecto. E neste tempo estívoise investigando como facelo, e ademais quero facer un recoñecemento á deputada do BNG, Montse Valcarce, que durante este tempo estivo traballando e investigando as posibles solucións, ademais con diferentes técnicos, para ver que se podía facer. Valorouse a posibilidade de poder facer unha ordenanza dende o Concello de Lugo para impedir estas plantas, algo que sería o máis sinxelo, porque dependeríamos de nós mesmos, xa non dependeríamos da Xunta de Galicia. A cuestión é que debido á lexislación que se foi aprobando no Parlamento galego, ademais co apoio único por parte do Partido Popular, como foron no seu día as leis de emprendemento ou as súas leis fillas, por así chamarlles, como foron a Lei 1/2021, ou a Lei 3/2021, impiden aos concellos, quítanlles a competencia aos concellos para poder xestionar isto a través dunha ordenanza e, ademais, algúns dos artigos, que son moitos, pero quixera ler algún, por exemplo, o artigo 40 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, fala precisamente de que os proxectos de interese autonómico son instrumentos de intervención directa na planificación territorial da comunidade autónoma. Esta lei remata afirmando que a súa magnitude ou as súas características singulares, que as fan portadores dun interese supramunicipal, cualificando, entre estes aspectos menciona a creación de solo para a realización de actividades económicas, como dicía ao principio, daqueles proxectos que son de interese autonómico e, polo tanto, se entramos na propia web da Oficina Económica de Galicia, da Xunta, pois vemos que aparecen recoñecidos, entre estes proxectos de interese autonómico, o desenvolvemento dunha planta de produción de biometano para inxección en rede en esquemas de economía circular a través da xestión e valoración de residuos orgánicos en Lamablanca, Lugo. Polo tanto, ao aparecer aí inserido como un proxecto de interese autonómico, deixa xa as competencias levadas a un punto de interese supramunicipal, polo tanto unha ordenanza non permitiría tecnicamente a paralización deste proxecto. Entón, collendo o que están a facer noutros sitios, seguindo coa investigación, atopamos a posibilidade que están a facer en Castela e León, onde por certo goberna o Partido Popular, e alí o que están a levar é a regulación a través dunha modificación lexislativa do Parlamento para impedir que estas plantas se poidan situar a una determinada distancia das vivendas.

Entón nós cremos que esta é a solución, porque é a solución clara. Se conseguimos que estas plantas teñan unha lexislación autonómica que as distancie das vivendas, esta planta non se vai poder construír. Entón nós o que propoñemos é unha iniciativa que imos levar ao Parlamento galego, pero que queremos que se aprobe o seu apoio neste Pleno municipal, que marque precisamente distancias. Nós propoñemos que teñan que estar a 3.000 metros das casas. Polo tanto, se se fai unha lexislación galega que poña este tipo de plantas a 3.000 metros das casas, non vai poder instalarse esta planta en Coeses. Entón cremos que esta é a solución máis acaída para poder respectar o dereito dos veciños e veciñas a poder seguir vivindo nas súas casas sen as molestias que causan este tipo de plantas, que por certo non é só o caso de Lugo, que estamos a ver como vai haber unha mobilización, de feito este sábado porque se está a dar en moitos sitios.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois moitas grazas, señor Arroxó. Ten a palabra o voceiro do Grupo Socialista, Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Un saúdo tamén aos veciños e veciñas que nos acompañan hoxe neste Pleno. Si que é verdade que estamos ante un novo reto medioambiental. Estas plantas permiten que a xeración de residuos orgánicos xeren enerxías renovables e contribúan a unha economía circular. Si que é verdade. O problema desta tecnoloxía vén determinado pola complexidade técnica nos procesos, o traslado de residuos e os cheiros que xeran. O marco regulatorio aínda é limitado e por iso hai tanta confusión entre a sociedade. Pero neste caso, a Xunta ten as competencias en materia de ordenación do territorio, baseándonos na Lei 2/2016, que regula directamente ás condicións de uso, ocupación, edificación do solo rústico da comunidade, que, por certo, é onde o planeamento urbanístico municipal foi excluído da regulación do solo rústico, por imperativo legal, claro, en particular a planta de biogás é un uso admitido en virtude do artigo 35.1 da Lei do solo de Galicia, sempre que cumpra as condicións de edificación establecidas. Aquí o teño, a propia Lei do solo de Galicia permite a instalación destas fábricas en solo rústico. Entón, non me parece desatinado pensar que a Xunta é quen debe establecer un plan sectorial para organizar estas tecnoloxías de enerxía de biogás e biometano de Galicia, principalmente porque a Lei 1/2021, que mencionaba antes o meu compañeiro, de ordenación do territorio e do solo de Galicia, faculta á Administración autonómica para aprobar plans sectoriais, que son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto ordenar e regular implantación territorial das actividades sectoriais como, entre outras, a xestión de residuos e a produción de transporte e enerxía, establecendo a localización que garante a súa accesibilidade e distribución territorial.

E, dito isto, a Xunta xa ten unha lei, a 5/2024, onde, entre outras cousas, no capítulo dous figura o Plan sectorial eólico de Galicia. O cal é un instrumento de ordenación e regulación territorial onde define as zonas cartográficas galegas onde se poden instalar este tipo de infraestruturas de explotación da enerxía eólica, e de

feito está na propia páxina do INEGA... Teñen xa unha regulación para onde hai que poñer as enerxías eólicas.

Polo tanto, vendo o novo reto ao que nos enfrontamos como sociedade, nós, desde o PSdeG, instámoslle á Xunta a priorizar a elaboración dun plan sectorial para a produción de biocombustibles en Galicia.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para o voceiro do Partido Popular, señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcalde. Jorge, Rubén, pois totalmente de acordo: Hai que regulalo, efectivamente hai que regular este sector. Foi xurdindo ao longo dos últimos anos e evidentemente hai que aprobar unha regulación que, tanto no ámbito municipal como autonómico, se puido quedar desfasada e hai que irse adaptando aos tempos. Absolutamente de acordo. Non é novo tampouco que este grupo estea de acordo con esa regulación, nin novo que demostramos esa preocupación. De feito, eu creo que o demostramos neste salón de plenos en moitas ocasións, pero sobre todo llo demostramos aos veciños en moitas, en moitísimas máis ocasións. Eu xa non levo nin a conta das veces que Elena se reuniu cos veciños para asesoralos, para informalos, para axudalos cada vez que o necesitaban, mentres vostedes, por certo, tramitaban unha licenza sen dar ningún tipo de información aos veciños, que tamén hai que dicilo, porque, que eu saiba, PSOE e BNG son os que están na Xunta de Goberno onde se estaba tramitando e avanzando esa licenza sen que os veciños soubesen absolutamente nada.

Ao Bloque gústalle moito falar da Xunta de Galicia, iso é unha realidade, de feito, eu creo que, se non existise a Xunta de Galicia, terían que inventala porque non terían argumentos para falar no día a día, non saberían que facer, estarían orfos de calquera tipo de argumentación. Pero é que esa Xunta de Galicia, esa Xunta tan mala, tan, tan mala, como di o señor Arroxo, esa que quere destruír absolutamente todo, foi precisamente quen denegou a instalación desta planta. Se non é pola Xunta de Galicia, a licenza municipal seguiría o seu curso. Se non é pola seriedade e polo rigor do traballo dos técnicos da Xunta, evidentemente solicitando -que é o seu traballo- os informes doutras administracións, como a Confederación, se non é pola Xunta de Galicia, esta licenza sería positiva por parte do Concello de Lugo, porque estaban traballando con ela. Esa é unha realidade, é innegable, esa denegación da Xunta de Galicia, non do Concello de Lugo, da Xunta de Galicia.

Hai que seguir avanzando na regulación autonómica? Seguramente si, por suposto. Por iso nós propoñemos unha emenda a esta proposta para que a Xunta e o Parlamento galego leven a cabo unha modificación. Por iso propoñemos no punto dous da nosa emenda que a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, e dentro dun marco normativo específico, tamén garantido co marco estatal, pois se traballe na plena integración ambiental destas plantas, sen afectar a ningunha vivenda, na súa racionalización e capacidade produtiva, no desenvolvemento dos incentivos de cara a unha economía circular ou a coordinación da normativa autonómica coa normativa

estatal. Absolutamente de acordo. Esta emenda recolle todas as propostas que leva o BNG na súa moción. Colle todo, absolutamente todo. A nosa voceira non é sospeitosa, ademais, Elena non é sospeitosa de non ser exixente e belixerante contra a Xunta. Se lle preguntan a algún dos nosos compañeiros de Santiago, dirían que ata a veces se pasa, pero que siga así, que siga traendo cousas para Lugo e exixindo cousas para Lugo, e que se siga antepoñendo os intereses dos veciños por diante dos intereses do partido político de *turno* como no que estamos nós. Eu invítolles a facer o mesmo. Pero voulles a dar unha boa noticia e unha alegría. Falaba o señor Arroxó de que valoraban aprobar unha ordenanza para prohibilo dende o Concello de Lugo, pero que non o vía claro e tal, pero é que non hai que aprobala e que está aquí, a ordenanza xa existe e, de feito, está regulado, só teñen que aplicala, non deriven coa Lei de emprendemento, coa lei de... Non, non, aquí hai unha ordenanza municipal aprobada dende o 19 de xuño de 1995, está publicada no Boletín Oficial da Provincia, por iso metemos o primeiro punto da nosa emenda, apliquemos esta ordenanza municipal, ordenanza municipal concretamente de protección ambiental. É máis, invítoos a que vaian ao capítulo seis, que pon contaminación atmosférica por olores, oia, pero é que está regulado, que teñen unha ordenanza municipal, que igual non se decataron, igual non se decataron, pero téñena aquí. E hoxe que propoñemos? Modificar o artigo 80.3, algo moi simple. E por que podemos modificar o artigo 80.3? Porque temos competencias, porque o artigo 25 da Lei de bases de réxime local danos competencias aos concellos en materia de urbanismo, aínda que vostede dicía que non a tiñamos, que eu saiba os plans xerais aprobáronse aquí, todos, nestas mesas, que eu saiba, temos competencia en medio ambiente urbano, porque nolo dá tamén o apartado b dese mesmo artigo, ou en tráfico ou na salubridade pública. En todo iso ten competencias o Concello de Lugo, hai que exercelas, pero están exercidas. Hai unha ordenanza municipal, e esa ordenanza municipal di literalmente que aquelas actividades ou industrias que orixinen dexeccións animais ou produzan residuos fedorentos deberán situarse a unha distancia adecuada dun núcleo poboacional. Oia, só con modificar o artigo 80.3, como lles propoñemos na emenda, podemos para facer aquí, hoxe, agora, só con levantar a man a favor, modificar esa ordenanza para conseguir limitalo a 3000 metros de calquera vivenda. Simplemente é sentido común. Pidámosllo á Xunta, si, agora fagamos tamén o que é competencia nosa, que é, por exemplo, modificar o artigo 80.3 desta ordenanza que xa temos aprobado neste Concello.

Entendo que esta emenda a poderán votar a favor.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Ameijide. Quenda agora para o señor Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Moitas grazas. Señor Ameijide. eu entendo, ademais dígoos con toda sinceridade, que lle tocou facer este papel tendo un descoñecemento absoluto desta situación. De feito, ata estaba mirando as caras dalgúns veciños que estaban sorprendidos co que se estaba dicindo, porque leva moito tempo traballando con isto e saben de que vai un pouco rolo. Entón, cando

se fala de que foi grazas á Xunta que se paralizou a licenza, paralizouse porque había un informe da Confederación Hidrográfica e a Xunta tivo que acatar e, ao final, isto ten unha conclusión que é que a licenza se vai aprobar no Concello por un feito regrado, se ten todos os informes favorables, porque é un feito automático, se ten todos os informes favorables, o Concello non pode parala, porque, senón, a promotora iría ao xulgado e gañaría, porque por que llelo vai prohibir o Concello se ten todos os informes aprobados, sectoriais e, senón, non.

Entón, respecto á ordenanza que vostede di. Para nós sería o máis sinxelo, é que sería o máis sinxelo, e iso, eu creo que os veciños e veciñas de aquí o saben moi ben porque levan moito tempo traballando neste asunto e saben que sería tamén o máis sinxelo que o Concello puidésemos modificar a ordenanza. O problema é que a Xunta foi aprobando diferentes lexislacións que, como lle lin nos artigos, que llos lin na intervención anterior, e o pode despois ler na acta, quitounos as competencias aos concellos para poder facer iso, porque son proxectos estratéxicos. Ese é o problema, o problema que vostede aí no que se liou, eu creo que se liou... A ver, que isto é unha cuestión lexislativa básica, é unha cuestión lexislativa básica e aparece recollido na propia lei, é que simplemente hai que ler a lei. Entón, aínda que o Concello aprobe unha ordenanza, son proxectos supramunicipais que teñen carácter estratéxico, e que dá absolutamente igual e, de feito, por iso nos únicos concellos que están aprobando ordenanzas, son concellos doutras comunidades autónomas. Nos concellos galegos existen xa esa lei e por iso non se pode facer, por iso na Comunidade Autónoma de Castela e León, que goberna o Partido Popular, van aprobar esta lei no Parlamento para regular as distancias.

Entón nós o que pedimos é iso, e se nós aceptamos a súa emenda de substitución, o que facemos é eliminar a posibilidade de que o Parlamento galego regule iso, e vólvelle cargar a responsabilidade ás ordenanzas municipais, cando nas ordenanzas municipais está demostrado por que se intentou e non se pode, porque é unha competencia supramunicipal.

Entón hai unha solución, nós o que temos é que buscar unha solución. Hai unha solución sobre a mesa que é un cambio lexislativo. Estamos os tres partidos de acordo? Pois entón podémolo aprobar no Parlamento galego. Cal é o problema? Se estamos os tres de acordo, cal é o problema de que se aprobe isto no Parlamento galego e deixalo delimitalo? Eu creo que é moi sinxelo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Arroxo. Ten agora a palabra o voceiro do Grupo Socialista. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Señor Ameijide, as licenzas municipais son regradas, cúmprese a Lei do solo, que, como dixen antes, e volvo repetir, a Lei 2/2016 exclúe a regulación do solo rústico por parte do planeamento municipal, e a propia lei a que o di, que pretenden que prevariquemos? E se cumpre todos os informes sectoriais, digamos que non se pode facer.

É a primeira en dicir que non foi á Confederación no informe, non foi a Xunta, e de feito a Xunta, pola súa parte, ten competencia a ordenación do territorio e

urbanismo autonómico, autorizacións medioambientais e xestión de residuos, e, ao final, as competencias son para nós. Imos ver, tampouco é o que vostede está a dicir, non pode ser. E despois estamos a falar de que a propia Lei do solo de Galicia di exactamente, no artigo 35, que o uso para o que está regulado a planta de biogás está permitido en solo rústico, que, de verdade, ten un papelón, dí, está permitido, non pode ser iso. Haberá que regular con algún plan sectorial, igual que teñen os eólicos, pois haberá que facelo coas plantas de biometano. Estamos ante un novo reto a nivel enerxético, a nivel medioambiental, pois teremos que poñer todas as administracións os recursos necesarios para que isto saia adiante. As competencias, agora mesmo, téñenas no ámbito autonómico, teñen a capacidade técnica, pois entón empecemos a traballar, empecemos cun plan sectorial onde nos diga onde se pode facer e poñer as plantas de biometano, e de combustibles en xeral. É tan sinxelo como iso. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Quenda agora para o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Pois non sei de que *rollos* fala, como vostede di, pero a realidade é que nós temos competencias aquí e temos que exercelas, e eu non lle estou dicindo en ningún momento que non as exerza a Xunta de Galicia, por suposto. Pero, miren, sentenza do Tribunal Supremo 2338/2015, onde se di que o concello dispón de capacidade normativa para completar ou integrar a normativa ambiental autonómica ou estatal. É que hai sentenzas do Tribunal Supremo. Pero, dito isto, é que non fai falta, ademais, é que non estamos negando que a Xunta teña que reaccionar e teña que adoptar a súa normativa. Se na nosa emenda estamos dicindo precisamente de que o Concello de Lugo inste a Xunta de Galicia a que no marco das súas competencias, tomando de referencia ao Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, 20-23, e en coordinación co Goberno do Estado, impulse a creación e implantación dun marco normativo específico e completo para o desenvolvemento do sector da biogás e biometano, que se garanta, como lle dicía, a racionalidade, a capacidade produtiva destas plantas a distancia ás vivendas, a distancia ao territorio. Pero é que non nos estamos negando iso, estámoslles dicindo na nosa emenda que si, que a Xunta ten que regular, pero estamos completando noutro punto, a maiores, a maiores do que din vostedes, a maiores, que nós de paso podemos modificar o capítulo seis, artigo 80.3 dunha ordenanza municipal que está en vigor hoxe, que está hoxe en vigor, simplemente modificar ese punto onde di a distancia que se estime, poñer a máis de 3.000 metros. Home, eu creo que non é tan complicado. Se estamos propoñendo algo tan simple como que aquí hoxe agora iniciemos o trámite para modificar un parágrafo dunha ordenanza municipal e, a maiores, pidámoslle á Xunta todo o que acaban de dicir, máis consenso non lle podemos ofrecer. O único que falta é a vontade tamén de facer nós o que nos corresponde, pero non nos pedirán que lle pidamos á Xunta de Galicia competencias que neste caso algunhas delas son nosas, como por exemplo a de tráfico, regular o tráfico xa era competencia municipal, que son vías municipais, digo eu, porque iso méteno tamén na súa moción, pero digo eu que o

Concello algunha competencia terá. É o único que lles pedimos é iso, seriedade. Queremos modificar a normativa autonómica? Por suposto que o queremos facer, porque este sector avanzou moito en moi pouco tempo, e evidentemente a normativa non lle deu tempo a avanzar tan rápido. Haino que facer. Ese é o punto da nosa emenda, que é completamente compatible coa súa, total e absolutamente, total e absolutamente. Pero, a maiores, hai unha ordenanza municipal en vigor neste Concello, que só con modificar un punto garantiríamos que a menos de 3.000 metros non habería ningunha construción deste tipo. Pero é que esta ordenanza non a inventei eu, non a trouxo a señora Candia, non a inventou esta mañá e a trouxo a Pleno, non, é que está aprobada e publicada dende o 19 de xuño de 1995. E non enreden con que a lei da Xunta cambiou, modificou, quitou... Non, non, as competencias municipais determinas a Lei de bases de réxime local, e nós temos competencia. Nós fagamos as nosas e a Xunta que faga as súas, e nós imos exixir á Xunta, porque o fixemos, e os veciños sábeno e non lles imos fallar, non se preocupen.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas, señor Ameijide. Última quenda para o grupo propoñente. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: A ver, é que é moi complicado se non entendemos o concepto básico de que unha lei ten máis capacidade ca unha ordenanza, se non entendemos o concepto básico... Se non entendemos iso, é moi complicado, e a situación é que está perfectamente aclarada, está perfectamente identificada cal é a solución. Entón, ou optamos pola solución que temos sobre a mesa, ou a planta se vai poder montar aí. Esa é a realidade, hai unha posible solución, ou adoptamos esa solución ou a planta se vai montar aí. Entón nós o que temos é que instarlle neste caso ao Parlamento Galego a que leve adiante esa regulación. Pois se estamos de acordo, apoiemos iso, e apoiemos iso firmemente, que é que a proposición que vai aquí. O Partido Popular presenta unha proposición de substitución, eliminar estes puntos todos nos que aparece recollido como se hai que regular estas plantas para falar do Plan de residuos e para falar de poñer unha ordenanza no Concello de Lugo... Non a imos aceptar.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Señor Ameijide, señor Ameijide, a vostede escoitámolo con moito interese, pídolle que faga o mesmo cando teñen a palabra outros compañeiros, por favor llo pido. A vostede escoitámolo respectuosamente, pídolle exactamente o mesmo. Dito isto, procedemos a votar.

6/78 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 153/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE, SINALIZACIÓN E DRENAXE DO BARRIO DE CASÁS (Exp. 2025/G004/000268).- Vista a citada proposición que é do seguinte teor:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

“O Grupo Municipal do Partido Popular mantivo recentemente unha xuntanza coa veciñanza do barrio de Casás, coa finalidade de escoitar directamente as súas inquedanzas e propostas de mellora para a contorna. Desta visita xurdiron unha serie de cuestións que, pola súa relevancia e impacto na calidade de vida dos residentes, consideramos necesario trasladar a este Pleno para promover a súa valoración.

Entre as principais necesidades detectadas, destaca a mellora dos accesos ao barrio, xa que na actualidade existen dificultades para a entrada de vehículos de emerxencia. Esta situación foi obxecto dun compromiso público durante o anterior mandato para habilitar un acceso seguro e operativo ao barrio. Consideramos oportuno retomar esta cuestión desde o consenso e a vontade de colaboración institucional, co obxectivo de garantir a accesibilidade e a seguridade da veciñanza, estudando todas as opcións urbanísticas viables que permitan a apertura dun novo acceso.

Así mesmo, constatouse a necesidade de reforzar as tarefas de mantemento da vexetación da contorna, especialmente no que atinxe á roza e á poda das árbores, co fin de previr posibles incidentes e preservar o contorno natural do barrio en boas condicións.

Outros aspectos trasladados polos veciños foron a necesidade de revisar a sinalización municipal, en particular a correspondente á vía que conecta a avenida de Breogán con Casás, actualmente identificada de forma errónea como «Monte Pena Rubia». Esta confusión pode xerar dificultades para servizos de emerxencia ou de repartición, polo que se solicita unha revisión e corrección que mellore a localización dos domicilios.

Dende o Grupo Popular trasladamos estas peticións con espírito construtivo e co obxectivo de que o Concello dea resposta a demandas veciñais razoables e que repercuten directamente na seguridade e benestar dos cidadáns, por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno municipal acorde:

1. Estudar e impulsar as actuacións necesarias para habilitar un acceso seguro para vehículos ao barrio de Casás, avaliando as solucións urbanísticas dispoñibles que garantan a súa viabilidade técnica e legal.
2. Elaborar un plan de mantemento periódico da vexetación no contorno de Casás, que inclúa accións regulares de roza e poda, garantindo a conservación e a seguridade dos espazos públicos.
3. Proceder á revisión e corrección da sinalización da vía que conecta Casás coa avenida de Breogán, asegurando a súa identificación oficial e axeitada.
4. Adoptar as medidas necesarias para evitar os problemas que está a xerar a auga nas vías e leiras do barrio.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- Votos a favor: 11 do Grupo Municipal do Partido Popular.

- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 1 de dona Elena Candia López, segundo manifestacións efectuadas ao inicio da sesión.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moi bo día a todos. Moitas grazas. Señor alcalde e señores e señoras concelleiros, traemos hoxe esta moción, non como un trámite máis, senón como resultado dun traballo serio de escoita directa cos veciños de Casás. Non falamos de problemas detectados desde un despacho, senón de realidades transmitidas por quen vive alí e que están alí cada día, e que nos abriron as portas das súas casas para compartir preocupacións que lamentablemente levan demasiado tempo sen resposta.

Casás leva anos padecendo unha situación de esquecemento institucional que é evidente, e non o dicimos nós, non o di ese humilde concelleiro do Partido Popular, dío a propia veciñanza. Ese abandono reflíctese en cuestións moi concretas: accesos deficientes, falta de limpeza, sinalización inadecuada e deficiencias tamén na drenaxe. E non estamos falando de grandes obras, senón de demandas que son razoables, que calquera cidadán faría, se calquera cidadán ve que o seu barrio implora, mentres a Administración permanece inmóbil.

A prioridade máis urxente, baixo o noso punto de vista, é o acceso para vehículos de emerxencia. É que hoxe unha ambulancia non pode chegar con rapidez, con rapidez e seguridade a moitas vivendas de Casás, o que é un risco real para a saúde e para a vida das persoas. Esta situación xa era coñecida, de feito nos mandatos anteriores e mesmo houbo un compromiso de mellora. A pregunta lóxica é que se fixo dende entón, porque non se pode deixar no esquecemento un tema que afecta directamente á seguridade cidadá. Por iso dende o noso grupo non buscamos culpables, o que buscamos son solucións e propoñemos retomar este asunto desde o consenso, coa colaboración lóxica dos servizos técnicos municipais para estudar alternativas urbanísticas que permitan habilitar un novo acceso, porque todos os barrios merecen o mesmo nivel de atención e seguridade.

Outra das demandas da veciñanza ás e aos conselleiros, que pode parecer menor, pero é que ten consecuencias prácticas moi relevantes é a sinalización incorrecta da vía que conecta Casás coa avenida de Breogán. Actualmente esa rúa aparece identificada como Monte Penarrubia, o cal provoca confusións na repartición, en atención de emerxencias, trámites administrativos e mesmo na localización de

vivendas por parte de servizos de reparto ou servizos dixitais. Algúns veciños, de feito, xa tentaron corrixir esta información directamente a través de plataformas como Google Maps sen éxito, por iso piden que sexa o propio Concello quen faga esa xestión diante de Google, entendendo que unha petición institucional tería máis posibilidades de saír adiante. É unha medida sinxela, é unha medida que ten un custo nulo, un custo 0, pero cun impacto moi positivo para a vida diaria da veciñanza. Polo tanto, só fai falla neste caso poñelo en marcha. No relativo ás inundacións tamén hai que dicir que hai que ser... recoñecen os veciños que moita desa acumulación de auga se debe fundamentalmente a un regato que baixa pola parte alta do barrio, especialmente dunha fonte que é de titularidade municipal que non está correctamente canalizada. Esta é unha responsabilidade directa do Concello que debe actuar para evitar que esta auga siga provocando danos.

Finalmente, queremos trasladar tamén a preocupación dos veciños polo estado da liña eléctrica. Non estamos a reclamar unha intervención inmediata, pero si unha revisión técnica que permita avaliar a situación e determinar se cómpre realizar melloras ou adoptar medidas de prevención. Polo tanto, señores e señoras concelleiros, o que pedimos nesta moción é de sentido común: responsabilidade e vontade de facer cidade tamén nos pequenos detalles, porque o que fai realmente que unha cidade evolucione non son soamente os grandes proxectos, senón tamén a atención constante ás necesidades do día a día dos veciños. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Vázquez. Quenda agora para o voceiro municipal. Señor Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. Ben, en primeiro lugar, grazas polo ton construtivo que vostede usou nesta intervención. Eu vou empezar polo final da proposición, e, polo tanto, ... o rogo número tres, ao final non deixa de ser un rogo, entón terémolo en consideración, a revisión da sinalización viaria. A segunda parte da proposición, o Concello -infórmolles- de que xa dispón dun plan de roza municipal onde o propio servizo nos traslada que esta semana tiveramos bo tempo; a climatoloxía deste ano favoreceu un crecemento de herbas de maneira moi considerable, polo que dende aquí quero agradecer ao servizo de roza o grande esforzo que fai de cara a manter un bo nivel de control, pero de todas formas notificaráselle ao servizo a necesidade de rozar aquela zona novamente, xa que esta parte da proposta é normal.

E agora imos á primeira parte, é a máis complexa porque sempre estamos de acordo en impulsar actuacións necesarias para axudar aos barrios, é unha das prioridades no noso Concello e, como mostra disto, desta iniciativa, pois o alcalde ten reunións con todos os colectivos que solicitan e trasladan as súas inquiredanzas para que pouco a pouco solucionemos os problemas cotiáns que nos manifestan nestas reunións. Somos conscientes de que non temos unha variña máxica, non podemos facer as cousas dun día para outro, pero sempre respondemos.

O punto un ten un problema engadido, que é o aparcadoiro da esorrentía, que lle chaman así os propios veciños da avenida de Breogán, o cal vou desenvolver a continuación:

A Xunta, ante o seu desempeño de velocidade-reacción que teñen, a señora Candia chegou á cidade, todo sexa polos votos, empeza facer investimentos sen contar coa Administración local, na parte técnica, sobre todo, máis que nada porque é unha política curtopracista, e logo temos os problemas que amosa na propia proposta. O noso PXOM xa prevé unha ordenación onde discorre unha vía de 16 metros en paralelo á avenida Breogán, esta vía na zona de desenvolvemento 6-8-R, que conecta o barrio de Casás cunha circunvalación ata a rúa Oliveira e Mar Cantábrico. O normal sería poñer en contacto aos servizos técnicos para unha correcta execución do aparcadoiro e facer unha cidade máis dinámica e máis áxil entre administracións. Pero, claro, o problema é que vimos dunha política curtopracista para colgarse medallas: e eu xa fixen un aparcadoiro, e o aparcadoiro ten un problema de escoamento moi grave porque está feito cun material que quitou toda a permeabilidade do terreo e, entón, claro, cando pos formigón e non pos un sistema de pluviais, pois a auga baixa para algún lado, non te podes opoñer ao paso da auga. De feito, a propia Xunta tivo que sacar a licitación, e leo textualmente, porque é como se chama, *un proxecto para a implantación dunha obra de drenaxe transversal na rúa Monte Penarrubia, para desaugadoiro das augas pluviais procedentes do aparcadoiro disuasorio da avenida Breogán*, entón parte deste escoamento e parte destes problemas de drenaxe veñen pola mala execución dun aparcadoiro que se fixo rápido, mal e a rastro. E ese non é o único problema, porque cando fixeches o aparcadoiro, pola Lei 3/2016, a ver, vouno amosar aquí (ensina unhas fotos), nós temos proxectado unha vía no PXOM de 16 metros e colliches, e para o aparcadoiro comiches a metade da vía, non, perdón, a execución deste aparcadoiro, a metade da vía, entón agora en vez de dezaseis metros teremos oito, a ver como facemos. É un problema gordo que temos, e ao final todo sexa pola foto. Facemos a foto alí, todos contentos, un aparcadoiro novo e ao mellor o que temos que empezar é a traballar nun proxecto de cidade onde máis que un aparcadoiro desenvolver avenida sería moito máis efectivo tanto para o tráfico como para as drenaxes transversais lonxitudinais e como para as prazas de aparcadoiro. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora palabra o señor Vázquez. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Si, moitas grazas, señor alcalde. Como é habitual, observamos que se repite algo bastante previsible, señor Bustos, que cando hai un problema que afecta á veciñanza a culpa é sempre da Xunta. Sempre. Dá igual que falemos dunha estrada, dun sinal ou dunha fonte. Mire, os veciños de Casás non queren saber quen ten a culpa, queren solucións. E o que non pode ser é que usemos este Pleno para facer permanentemente oposición a outra administración, en vez de asumir responsabilidades dende o Concello de Lugo, que é realmente onde estamos sentados.

Sobre as inundacións que di vostede que a *escorrentía*, comezou coas obras de aparcadoiro, pero, porén non ofrece ningún informe técnico, ningún dato concreto, nin ningunha evidencia máis aló das súas suposicións. En cambio, o que si que sabemos, e que está documentado, é que existe unha fonte de titularidade municipal mal canalizada que está situada na parte alta da rúa que verte auga directamente sobre a rúa, e iso non é una suposición, é unha realidade. Por certo, a Xunta está investindo 48.000 euros nunha obra de drenaxe e iso si é unha aposta, dende logo, de compromiso.

O que pedimos nesta moción é que o o Concello, como dicía antes o meu compañeiro Antonio, que o Concello asuma as súas responsabilidades, porque se non se fai, esa auga seguirá chegando ata a estrada mesmo despois das obras da Xunta.

Miren, con respecto ao acceso, dicía vostede que o alcalde se está a reunir cos veciños, ben, a realidade é que vostedes nada fixeron durante anos, mentres os veciños seguen sen acceso para chegar as ambulancias, por exemplo, hai uns condicionantes urbanísticos, e por iso pedimos que se estude, avalíe tecnicamente unha solución.

Sobre o mantemento da sinalización di que o terán en conta, que terán como un rogo, que é unha forma elegante de xustificar a falta de acción. O que non pode ser é mirar cara ao outro lado, mentres medra a herba, os sinais confunden, e a veciñanza sente que vive nun barrio que está completamente abandonado.

Mire, eu non veño crear aquí ningún tipo de polémica entre administracións, ao mellor vostede séntese cómodo nese papel, pero eu dende logo non o vou facer. Hai veciños que teñen dereito a un contorno digno, e se o Concello ten esas competencias, que as ten, o mínimo que ten que facer é exercelas. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. A segunda quenda para o Sr. Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas señor alcalde. Señor Vázquez, non hai ningún informe técnico de Enxeñaría, porque aplicando a Lei 3/2016 o fixeron sen preguntar. Eu preguntei ao servizo, ao xefe de Enxeñaría, se tiña algún tipo de notificación, chamada ou e-mail para solicitar un informe de escoamento, un informe de pluviais, e non o hai. Entón, cando fas as cousas na casa doutro e non sabes o que hai, pasan estas cousas.

Despois, tamén está a falar de inanición, de pouca actividade, pouca acción do Concello, pero é que iso é mentira, iso non é así. Ao final, eu, como me dicía vostede, non me vexo cómodo instando e protestando e facendo oposición ás vosas propostas, pero, claro, logo temos problemas como o que temos na avenida Vila Verde, pois o problema é que na Xunta lle fan máis caso á parte política que á parte técnica. Por que no caso da avenida Vila Verde, unha avenida que se desenvolve, que estaba moi bo visto polos técnicos, tanto da Xunta como o do Concello, había consenso, e despois foi a parte política, curtopracista, onde en vez de coller e desenvolver esa avenida que dotaría de bastantes prazas de aparcadoiro, poderíamos tamén eliminar bastante tráfico da zona das Fontiñas, pois

o mellor é facer un aparcadoiro en altura, creo recordar que na nota eran 60 prazas, cando resulta que eu creo que vai vir MEGA a gravar o próximo capítulo de “Megaconstrucións”, porque iso é unha obra faraónica, facer alí un aparcadoiro gratuíto cando podemos desenvolver a avenida e facer un favor á cidade. Entón, eu retómolle a pregunta en ton construtivo: que veñen facer aquí?, unha política curtopracista de cara ás próximas eleccións, só gañando votos a base de fotos e aparcadoiros en vez de traballar nunha cidade máis dinámica e mellor?, esa é a pregunta que lle fago, e, sen máis. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o grupo propoñente. Señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: ... Non lle interesa a vostede moito falar do barrio de Casás, si do barrio de Fontiñas, vén vostede aquí con todo. E, para rematar, o que me gustaría realmente é facer un chamamento á responsabilidade e ao sentido común desta proposición, porque máis alá do debate político, que é lóxico, máis alá das discrepancias ideolóxicas, que tamén son lóxicas, hai unha realidade que é indubidable, que é que o barrio de Casás necesita atención, melloras e compromiso institucional. E, polo tanto, dende o grupo do Partido Popular nós o que agradeceríamos é que apoiasen vostedes esta moción, que apoien vostedes esta proposta, porque hai veciños e hai problemas, e nós temos na nosa man solucionar eses problemas, están na nosa man se queremos. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois, señor Vázquez, como moi ben dicía o voceiro municipal, a fonte xa lle existía antes de que se construíra o aparcadoiro e, ademais, non causaba ningún problema, como así o manifestaron directamente moitos veciños e veciñas. Coas obras modificouse o escoamento, e provocan afección no sistema viario público e, por tanto, nós tamén lle pedimos algo, que é que solucionen os problemas e, a partir de aí, trataremos de recepcionalas, como é normal.

7/79 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 154/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN REXISTRO MUNICIPAL DE PERSOAS ELECTRODEPENDENTES (Exp. 2025/G004/000269).- Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

“As persoas electrodependentes precisan dunha subministración eléctrica continua para manter a súa vida e a súa saúde en condicións estables, xa que dependen de dispositivos como respiradores, concentradores de osíxeno ou equipos de diálise domiciliaria. En situacións de emerxencia, como cortes de luz ou fenómenos meteorolóxicos adversos, este colectivo atópase en grave risco vital.

A Asociación Nacional de Pacientes con EPOC solicitou a creación de rexistros oficiais de pacientes electrodependentes en toda España, co fin de garantir a súa atención prioritaria en momentos críticos.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

Neste contexto, dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos necesario que o Concello de Lugo cree un rexistro voluntario e confidencial de persoas electrodependentes, como ferramenta de coordinación entre servizos sociais, emerxencias e compañías subministradoras, co obxectivo de mellorar a capacidade de resposta municipal ante calquera incidencia que poida poñer en perigo a vida destas persoas.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno Municipal acorde:

1. Instarlle ao Concello de Lugo a crear un **registro municipal voluntario e confidencial de persoas electrodependentes**, que permita a súa identificación para garantir atención prioritaria en situacións de risco.
2. Desenvolver un **protocolo de actuación municipal** que integre os servizos sociais, Protección Civil, emerxencias e compañías subministradoras para a atención eficaz deste colectivo en caso de emerxencia.
3. Promover unha **campaña de información e sensibilización** para facilitar a inscrición no rexistro, en colaboración con centros de saúde, entidades sociais e asociacións de pacientes."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, segundo manifestacións efectuadas ao inicio da sesión. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, ten a palabra o portavoz do Grupo Popular. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias, señor alcalde. Esta proposición que traemos hoy a Pleno significa dar un paso más en la protección social de quienes más lo necesitan. La política útil es la que se adelanta, la que previene, la que protege, porque no podemos esperar que ocurra una emergencia para reaccionar. Las personas electrodependientes necesitan de suministro eléctrico de forma continua para el funcionamiento de dispositivos médicos vitales como respiradores, monitores cardíacos, bombas de alimentación. El corte en el

suministro eléctrico incluso por un corto período de tiempo puede poner en riesgo su vida o afectar gravemente su salud. El reciente apagón ha dejado en evidencia una necesidad urgente, que es proteger a estas personas que dependen de dispositivos eléctricos para vivir, literalmente. Actualmente, no existe en nuestro Concello un sistema formal que permita identificar a estas personas y garantizar una respuesta ágil y prioritaria ante situaciones de emergencia, interrupciones de suministro eléctrico o actuaciones que impliquen cortes programados. Es cierto que la mayoría de los municipios todavía no cuenta con estos mecanismos para identificar y dar respuesta a esta necesidad específica. Sin embargo, existen buenas prácticas en otras ciudades que han impulsado la creación de registros municipales de personas electrodependientes, siempre con carácter voluntario, confidencial y bajo estrictas garantías de protección de datos personales. Su implantación permitió una mejor coordinación con los servicios sociales, protección civil, policía local, empresas suministradoras de electricidad, lo que ayuda a actuar de manera eficaz ante cortes eléctricos, facilitando una atención prioritaria y personalizada. Además, permiten al Concello establecer canales de comunicación con las compañías distribuidoras de electricidad para que se informe con tiempo de cortes programados en zonas donde residen personas registradas como electrodependientes; es decir, permiten actuar con antelación y sensibilidad ante situaciones de vulnerabilidad y garantizar que estas personas reciban la atención y el apoyo que necesitan en estos momentos críticos. Por todo esto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de este Concello la adopción del siguiente acuerdo: Uno, que este Concello cree un registro municipal voluntario de personas electrodependientes con el objetivo de identificar y prestar atención prioritaria a las personas cuya vida o salud depende de suministro eléctrico continuo. Dos, que dicho registro sea de inscripción voluntaria y confidencial, respetando en todo momento la normativa de protección de datos personales. Tres, que se realice una campaña de difusión e información sobre este registro, en coordinación con el centro de Salud, asociaciones de pacientes y colectivos sociales para asegurar su conocimiento entre la población afectada. Cuatro, que el ayuntamiento establezca protocolos de actuación coordinada con los servicios de emergencia, protección civil y la empresa distribuidora eléctrica con el fin de minimizar riesgos ante posibles cortes de suministro o situaciones de emergencia. Cinco, que se valore la inclusión de este colectivo dentro del plan de emergencia municipal con medidas específicas de protección.

Crear un registro municipal de personas electrodependientes es una medida preventiva, útil y profundamente humana, además, se alinea con los principios de equidad, protección a los colectivos vulnerables y garantía de los derechos fundamentales como es el derecho a la salud y a la vida. Por eso el Grupo Municipal del Partido Popular presenta esta proposición con el convencimiento de que puede contar con el respaldo del conjunto de esta corporación. Es un asunto que debe estar por encima de cualquier diferencia ideológica. Muchas gracias.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ben, grazas. Primeira quenda para o goberno, cinco minutos.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Moitas grazas, compañeiro. Ben, quero comezar dicindo que este goberno vai propoñer unha emenda de substitución que di o seguinte: O Concello de Lugo comprométese a colaborar e participar coa autoridade sanitaria, e/ou autonómica que corresponda a fin de elaborar un rexistro e protocolo de actuación para persoas electrodependentes. Esas risas, esa actitude xa despectiva fan que, se cabe, a miña argumentación sexa máis válida.

E vou empezar por algo. Mire, a argumentación da proposición que vostede acaba de facer está chea de erros, está chea de erros. Primeiro, o dereito á saúde non é un dereito á saúde, é o dereito á protección da saúde. Oxalá, qué contenta estaría eu se tiveramos dereito á saúde, eu e moitos máis compañeiros, e seguro que vostedes tamén.

As polémicas entre as administracións por competencias, por dicir de quen é quen veñen unha e outra vez a este Pleno, pero saben por que veñen? Por que hai unha inanición das competencias que corresponde a unha administración que ten unha capacidade inferir nesta sociedade moi grande, moi elevada e que non está, que está ausente, que está noutras cuestións, que está con empresas, pero non está cos cidadáns, e por iso pleno tras pleno temos que formular estas cuestións. Deberan de rematar? Home, por suposto que deberan de rematar, e nunca se deberá dar con tanta asiduidade ter que transferir. Mire, é que fagan o traballo, non?, é unha bágoa que teñamos que estar sempre neste eido, pero é unha realidade que temos na nosa comunidade autónoma. Que lle imos facer? Eu vou basear a miña argumentación en contidos baseados nas demandas de persoas electrodependentes na última xornada que tiveron por unha regulación xusta, as conclusións que ademais acolleron os defensores do pobo e que ademais lles digo, unha comunidade na que vostedes gobernan aceptou e entendeu que eran xustas, equitativas e necesarias. Ben pois, dentro disto, primeiro é a definición de electrodependentes que, por un consenso unánime entre as administracións, se decide que sexa a autoridade sanitaria quen especifique, quen é persoa electrodependente. De feito, o consenso di: a responsabilidade do proceso de recoñecemento debe recaer na Administración competente en materia sanitaria, que é a responsable de recoñecer a persoa como electrodependente, que sería o médico especialista competente. Porque di vostede voluntariedade, home, teríamos que pedir polo menos, loxicamente, unha declaración responsable, porque este eido tamén é moi delicado. Logo falan da protección de datos, por suposto, é que a Administración sanitaria ten estes datos e non ten porque transferilos a outra administración, nunca se viu eso, iso non se fai, pódese poñer en común, pero non se transfíren. É máis, a decisión sobre o procedemento dunha persoa como electrodependente debe residir na Administración sanitaria, repito de novo, e debe basearse nun informe elaborado que se transmita, entre outros, ás empresas que subministran a electricidade para que poñan aqueles recursos necesarios e, mesmo, e moi importante, que naquelas subministracións que necesitan, chamémoslles respiradores, chamémoslles bombas do osíxeno etcétera, poidan desde o punto de vista técnico xa facer que teñan un soporte que palíe un corte eléctrico temporal. Ou sexa, como ven, todo tremendamente lóxico, lóxico e factible.

É máis, din os propios electrodependentes, e xa digo, en concordancia coas administracións que estaban, *o alcance territorial deste rexistro debe ser autonómico e facilitalo a nivel local e mesmo ás empresas que prestan o suministro eléctrico e ás empresas, así mesmo, que suministran tecnicamente a estes pacientes.* Así que, colaboración a que queiran.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señora Racamonde. Ten agora a palabra don Gustavo en queda de réplica. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias de nuevo. Agradezco, usted nos ha dado, una lección magistral de lo que es una persona electrodependiente, de la voluntariedad, de la protección de datos, pero no se si ha visto usted lo que pasó el día que hubo el apagón hace escasamente un mes, que las personas electrodependientes tenían que cogerlas su familia, llevárselas en coche, no sabían ni lo que hacer. Simplemente, nosotros traemos aquí una proposición para que el Concello tenga un registro de personas electro dependientes, por supuesto voluntariamente, nadie puede obligar a una persona a estar en ese registro, por supuesto con una protección de datos adecuada y que en esos momentos que haya esos problemas, los servicios sociales, las emergencias, municipales, lo que sea, puedan tener acceso a donde están esas personas y lo que puedan necesitar. Hemos traído una propuesta sencilla, sin ninguna carga ideológica. Sin exigencias presupuestarias desorbitadas; no pedimos grandes inversiones ni medidas revolucionarias; pedimos voluntad política para poner en marcha una herramienta preventiva que podría literalmente salvar una vida, a lo mejor. Se trata de una propuesta realista, basada en experiencias ya implantadas en otros ayuntamientos y con un único objetivo: proteger a nuestros vecinos más vulnerables. Esta proposición apela directamente a nuestra condición de seres humanos y servidores públicos. Hablamos de personas que por razones médicas, como usted dijo, dependen directamente de electricidad para vivir, respiradores, bombas. Lo que usted lo dijo también. No hablamos por tanto de tecnología opcional, sino de necesidades vitales. Un corte de luz puede ser para nosotros una molestia, pero para ellos es un riesgo real. En este Concello hablamos de políticas sociales, de atención a la dependencia, de cercanía a los vecinos. Esta proposición nos da la oportunidad de hacer algo concreto, útil y preventivo. Crear un registro voluntario de personas electrodependientes no es una gran obra ni un gran gasto, pero sí es una gran decisión política, una decisión que dice mucho sobre qué tipo de Administración queremos ser. Ya hay ayuntamientos que lo están haciendo, no inventamos nada, solo pedimos que en nuestro Concello también se actúe con responsabilidad. Se trata de una cuestión de responsabilidad, de humanidad y de prevención. Les pido, por tanto, el voto favorable por empatía, por previsión y por justicia. El momento de actuar es ahora. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Díaz. Ten a palabra a señora Racamonde

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Eu, a verdade, é que ese ton desprezativo con respecto ao que acabo de formular, son as conclusións das persoas electrodependentes, ademais díxeno, vou ler as conclusións das persoas electrodependentes, vale? Eu, a verdade, cando traio algo, como me parece unha responsabilidade suprema representar aos veciños, trato de traer a última información que podo acadar e son as súas propias conclusións, que fago miñas e que llelas traslado.

Vostede di: útil e efectiva. Imos ser xustos. O apagón que acabamos de ter aquí, nós podemos saber onde temos unha persoa electrodependente, coller unha ambulancia de protección civil, que mentres chegamos e se traslada, se non ten unha solución no seu domicilio, o seu risco vital existe. É dicir, só o establecemento non é útil nin efectivo. Non fai falta ter ningún, case, coñecemento sanitario, entón, por favor, sexan éticos, de verdade que ata lles pido que sexan éticos, porque estamos falando de cousas moi serias, e ademais é certo, o Sergas funcionou moi ben, localizando estas persoas e temos que buscar algo que solucione. Eu acábollelo de dicir, e a nosa emenda, a nosa emenda non se opón a este rexistro, estámoslles a trasladar que colaborará, participará coa autoridade competente que ten uns datos, que ten a protección e naquilo que precise e que nós poidamos prestar en servizos sociais, protección civil, o que se necesite. Para nada é unha oposición, o que propoñemos é unha maneira de facelo aquí si, eficaz, útil e que nin sequera vulnera a protección de datos, e non deixa tampouco a cidadáns que ao mellor non voluntariamente, senón por descoñecemento, pois non se inscriban nese censo que vostedes propoñen. Entón un rexistro non nos opoñemos. Repítolles a emenda para que nos comuniquen se a aceptan ou non, comprométense a colaborar, participar naquilo que sexa preciso e competencia coa autoridade sanitaria e autonómica que corresponda, a fin de elaborar o rexistro e protocolo de actuación coas persoas electrodependentes. Non negamos a nosa colaboración, o noso traballo, o que faga falta para que aquilo se desenvolva.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Racamonde. Última quenda para o señor Díaz. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ CASTRO: Muchas gracias. Lo primero, si mi tono le ha parecido despectivo, le pido disculpas porque no era mi intención, ni mucho menos.

Para nosotros el Concello es la administración que consideramos tiene que hacer este registro y es al que se lo pedimos. No vamos a aceptar una enmienda de substitución de lo que proponemos para mandar esta responsabilidad a otras administraciones que consideramos que no son las que la que lo tienen que hacer lo que nosotros estamos pidiendo. Decir simplemente no a una moción que busca proteger a personas cuya salud depende de un enchufe, no me parece una postura defendible ni desde lo técnico nin desde lo humano, porque las personas electrodependientes están ahí aunque no figuren en ningún registro. Entonces les volvemos a pedir que voten a favor de nuestra proposición, y eso es lo que esperamos. Gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, pero a votación sen aceptación por parte do grupo propoñente da moción *in voce*.

8/80 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 155/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CONSTITUCIÓN DO CONSELLO LOCAL DE SEGURIDADE (Exp. 2025/G004/000270).- Vista a referida proposición cuxo teor é o seguinte:

O Grupo Municipal do Partido Popular xa presentou en reiteradas ocasións diversas iniciativas no Pleno para dar resposta a demandas veciñais, alertando sobre a necesidade de actuar con determinación ante os problemas de convivencia e solicitando medidas concretas para garantir o dereito ao descanso e á seguridade da cidadanía. A proposta de creación do Consello Local de Seguridade encaixa nesta liña de traballo e responde ao sentir dunha parte importante da poboación.

Un dos plenos onde tivo lugar o debate de iniciativas ao respecto foi o de novembro de 2024, cando este grupo presentou unha proposición para “instar ao Concello de Lugo a que impulse un plan de seguridade nos barrios da Milagrosa e Feijóo que permita fixar e consolidar servizos”. No debate desta, e ante as referencias realizadas aos incidentes que se producen frecuentemente nesta zonas, a señora Abelleira manifestou: “Mire, para min, como concelleira, pero principalmente como veciña da Milagrosa, esta visión é pouco real e claramente partidista”. Unhas palabras que lonxe de tranquilizarnos nos esixe un traballo intenso para pedir que o goberno rectifique porque os problemas rara vez se solucionan sos.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que, para poder abordar un problema, o primeiro paso imprescindible é recoñecer a súa existencia. Nese sentido, o noso compromiso co benestar da cidadanía maniféstase en propostas construtivas, orientadas sempre á busca de solucións.

O Real decreto 1087/2010, do 3 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as xuntas locais de seguridade, establece no seu **artigo 13** a posibilidade de constituír un **Consello Local de Seguridade**, como órgano de participación cidadá en materia de seguridade no ámbito local.

O devandito artigo recolle o seguinte:

“Con objeto de lograr la máxima participación ciudadana en la mejora de los niveles de seguridad pública, podrán constituirse Consejos Locales de Seguridad, a los cuales serán invitados representantes de asociaciones ciudadanas, organizaciones empresariales, sindicatos y otras instituciones o sectores que conformen el tejido social.”

A convivencia cidadá e a seguridade pública son preocupacións prioritarias tanto para a veciñanza en barrios como A Milagrosa, barrio Feixoo ou o Centro, numerosos veciños e veciñas veñen denunciando problemas de contaminación acústica nas rúas durante a noite, provocados por concentracións de persoas que impiden o descanso, xeran sensación de inseguridade e deterioran a convivencia.

Estes conflitos, aínda que non sempre teñen carácter delituoso, afectan gravemente á calidade de vida e requiren unha resposta coordinada entre administracións, forzas de seguridade e tecido social.

É por iso que consideramos necesario promover mecanismos de participación que favorezan unha maior implicación dos colectivos sociais no deseño e implementación das políticas de seguridade e convivencia.

A constitución dun Consello Local de Seguridade suporía un paso adiante cara a unha participación activa da sociedade civil —entidades veciñais, sociais, empresariais e sindicais— na mellora da seguridade e convivencia, facilitando así a colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade e coas autoridades locais.

Polo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno municipal acorde:

1. Instarlle á Presidencia da Xunta Local de Seguridade de Lugo a iniciar os trámites necesarios para a constitución do Consello Local de Seguridade, de conformidade co disposto no artigo 13 do Real decreto 1087/2010, do 3 de setembro.

2. Impulsar campañas informativas e procesos participativos que permitan recoller propostas e fomentar a implicación cidadá nos asuntos relacionados coa seguridade e a convivencia en Lugo.

3. Darlles traslado deste acordo á Delegación do Goberno en Galicia e á Subdelegación do Goberno en Lugo para o seu coñecemento e colaboración no proceso de constitución do Consello Local de Seguridade.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 1 | de dona Elena Candia López, segundo manifestacións efectuadas ao inicio da sesión. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra a voceira do Partido Popular, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois, bo día de novo e volve protagonizar o Pleno un dos asuntos que lles preocupa aos lucenses. A actitude do grupo que nesta moción represento pois vai na mesma dirección que as anteriores: ante un

problema, na maioría dos casos non recoñecida a súa existencia por parte do goberno local, pois de maneira construtiva, respectuosa e argumentada, solucións. Como ben dicían os compañeiros que me precederon no uso da palabra noutras iniciativas, ás veces ata sen inventar nada, buscando referentes e iniciativas que funcionan noutras cidades onde os gobernos se anticipan, queren ser parte da solución, dedícanse a decidir, a gobernar, a administrar e non constantemente a facer política en contra doutra administración, porque non sexa da mesma cor política. É curioso porque cando o fan critican; cando non fan critican; cando propoñemos algo que está sen facer, piden que o faga a mesma administración que critican. En definitiva, calquera persoa que non estea no día a día, que escoite un pleno deste Concello chegaría á mesma conclusión que chegaba o que o outro día me trasladaba un veciño: Escoitas ao goberno e case podían pechar, porque realmente non teñen capacidade nin competencia para facer nada.

Pero ben, a seguridade cidadá, o dereito ao descanso son conceptos que hoxe non lles serán alleos. É certo que despois de escoitalos nalgún pleno pois parecía que si, que lles eran alleos, pero nós temos a obriga, a responsabilidade e o compromiso, especialmente, cos veciños e veciñas desta cidade en que non lles sexan alleos e que non lles dean ás costas ás preocupacións da xente. Cando trouxemos en novembro do 24 unha iniciativa para instar a creación dun plan de seguridade en determinados barrios da cidade, contestábanos que era una visión pouco real e claramente partidista. Probablemente sería axeitado aportar neste debate todos os recortes de prensa que fan eco de situacións de conflito, de problemas de convivencia, de problemas de seguridade e, nalgúns casos, de detencións, de imaxes que é certo que a todos nos gustaría borrar desta cidade, pero que é obrigado actuar porque o que todos deberíamos de saber a estas alturas é que os problemas, polo mero tempo de que pasen os días, non se van solucionar sós. Hoxe traemos unha iniciativa para a constitución do Consello Local de Seguridade. Esta proposta, que ten unha regulación nunha norma estatal, e que recolle moi ben un pouco as necesidades que xorden no día a día dunha cidade onde hai uns cambios sociolóxicos que experimenta a vida urbana, que a Administración debe anticiparse, debe propoñer medidas, e o máis importante: planificar e coordinar, porque moitas veces nin sequera se trata de ter máis recursos, senón que se trata dun traballo coordinado, neste caso entre a Policía Local, entre a Policía Nacional ou entre as forzas e corpos de seguridade do Estado, entre protección civil, pero sempre co liderado, o que parece que vostedes están constantemente querendo renunciar, que é do goberno, do Concello, do alcalde ou do concelleiro de turno, ten que exercer, ten que exercer porque evidentemente ten as súas competencias e, neste caso, pois tamén lle afectan directamente.

Pero a maiores diso, quizá esta iniciativa ten un valor que non quería omitir, que é a participación social, estamos nun momento onde vimos as consecuencias precisamente de planificar obras importantes como son as que aínda hoxe non remataron da zona de baixas emisións, que unha influencia moi directa no atraso destas veu motivado a que se planificaron proxectos sen ningunha participación, e cando se coñeceron os proxectos e houbo que darlles formas, vía modificado, todo

iso que todos sabemos, pois evidentemente acaba atrasando obra e provocando máis trastornos dos que querían. Temos unha sociedade que ten moita saúde democrática normalmente, salvo algunhas excepcións como as que tivemos recentemente, pero é a excepción. A realidade é que a participación social é intelixente, é respectuosa, é moi comprometida, é moi xenerosa, e o máis importante, é marcando as prioridades, creo que teñen que ter cabida. Por iso este órgano, no Consello Local de Seguridade, poderían ter ese papel participativo, que buscará algo que parece que hoxe tamén se quere renunciar a iso, que é adaptar a normativa local a protexer a seguridade e o descanso dos lucenses.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois, moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra a voceira municipal, señora Abelleira.

DONA ANA ABELLEIRA FERNÁNDEZ: Vou ser moi moi breve porque despois do transcurso deste Pleno seguimos na mesma liña de que o Partido Popular agora tamén asume competencias da Subdelegación do Goberno. E, por outro lado, tampouco dixo nada do que vén pedir, ou practicamente nada, do que vén a pedir esta proposición que solicita ... (non se escoita) da Xunta Local de Seguridade de Lugo, impulsar campañas informativas e dar traslado do acordo á Delegación. Mire, para empezar, señora Candia, todo o que escriben aquí nesta proposición obvian, como case sempre, algunha información. E é que, para empezar, o Consello Local de Seguridade que piden, quen ten que instar esta figura é a Subdelegación do Goberno, así que tamén se quere adquirir esa titulación, pois tamén, pode asumila. E isto vén dunha instrución, do ano 2006, de creación e constitución dos consellos de seguridade cidadá, na que vostedes volven unha vez máis a obviar, falan do artigo 13 do Real decreto, pero non desta instrución na que se promove a parte ou a instancia da Subdelegación do Goberno a creación destes consellos de seguridade cidadá. Pero, se quere, afondamos máis. Dentro da Xunta Local de Seguridade, que xa ten o Concello de Lugo, xunto coa autonómica, que tamén existe, e xunto coa estatal, que tamén existe, hai un sistema de control e coordinación que vostede tamén pretende obviar, como dicindo que a Policía Local de Lugo non se coordina con estes corpos de seguridade. Estean tranquilos que si que hai esa coordinación porque existe a Xunta, ademais recoñéceno neste documento, a Xunta Local de Seguridade.

A vostede o que lle interesa é falar doutras cousas, que non vou entrar a elas, porque creo que as miñas interpretacións xa foron recollidas noutros plenos. Así que, tranquilícese, a Xunta Local de Seguridade, o goberno en anteriores etapas, con anteriores alcaldes e alcaldesas, xa convocou a participación social cando requiriu ou cando considerou oportuno que participaran desas xuntas locais de seguridade e, polo tanto, non se lles están negando esa participación. E, en todo caso, nós non podemos votar a favor desta proposición por ese motivo, porque non é a oposición do Partido Popular a que ten que instar a creación do Consello, senón que en todo caso sería a Subdelegación do Goberno que é a quen lle corresponden estes mesteres.

Vostede falaba de responsabilidade, eu creo e comparto totalmente as verbas da miña compañeira portavoz do anterior tema, que a responsabilidade demostrase cos actos, non mentindo, enganando e con actuacións como as que levamos vivido durante este Pleno totalmente, porque eu creo que temos que ser rigorosos, serios e non contar milongas á cidadanía, porque moi ben o dixo o señor Ameijide tamén, por sorte saben ler, interpretar e recoñecen todos os seus dereitos.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas señora Abelleira. Ten agora a palabra, tres minutos, a voceira do Partido Popular.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: A ver, a verdade é que costa manter a serenidade e contestarlle ante un debate con tampouco rigor. Fálame vostede dunha instrución do 2006 e fálolle eu dunha normativa do 2010. Fálame vostede do punto dous e tres da miña iniciativa e ignora o primeiro, que é o máis importante, que é a creación do Consello, iso non sei se é que non o leu ou realmente o quere ignorar, pero, á marxe diso, esta iniciativa busca, como a todas as que trouxemos, é traer solucións e busca, ademais, traer solucións a problemas reais. Se vostedes non consideran que hai un problema de convivencia nalgúns barrios da cidade, pois efectivamente teñen vostedes que mellorar a presenza nas rúas e escoitar a xente. Se vostedes non cren que na regulación das zonas de baixas emisións, da que aínda, por exemplo, agora nada sabemos, a contaminación acústica é unha preocupación real dos veciños e veciñas de varios barrios da nosa cidade é que teñen vostedes un problema. Se pretenden dicir que somos uns mentireiros, que claramente o dixo, terá que chamarlle tamén así aos seus homólogos no Concello da Coruña, que acaban de crear e constituír a mesa sobre a convivencia entre o ocio nocturno, esa mesa técnica, amparándose nesta normativa do Consello Local. Miren, representar aos veciños e veciñas realmente, ademais de ser un dereito fundamental, estes días deberíámolo ter bastante claro, é un traballo moi responsable, e niso coincido coa súa compañeira, e obríganos a traer os asuntos realmente preparados. Os debates só se ganan con datos e con argumentos. O resto honestamente é unha falta de respecto ao que supón a representatividade dunha acta de concelleiro. Esta é unha proposta real e legal, baseada nunha normativa estatal, que pretende dar unha solución aos problemas de convivencia e ao dereito ao descanso, algo tan importante tamén, que para algunhas cousas si que o entenden para outras parece que non, pero faise, ademais, dunha maneira construtiva, traballando, estudando e falando con técnicos, con xurídicos, con persoas que forman parte das forzas e corpos de seguridade do Estado, como un mecanismo para darlle participación de maneira estable, transparente, planificada, non a golpe de bombeiro para apagar un incendio, que o que están facendo vostedes, é unha maneira de traballar útil e, créame que llelo digo con total humildade, necesaria e sa democraticamente.

E a oposición está para traer propostas, gústenlles ou non lles gusten, pero se as rebaten, fágano cun pouco de rigor, especialmente con argumentos. Créame, honestamente creo que se equivocan.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Quenda agora para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Mire, eu si teño, e non alardeo tampouco diso, é respecto, señora Candia. E vostede fala dunha mesa técnica que se crea na Coruña, unha mesa técnica non lle é o Consello Local de Seguridade, aclárese para empezar, que é o que piden nesta proposición. A instrución número 7/2006, e que antes falabamos no da biomasa das normativas, pois, ao mellor, temos que empezar a dar tamén cursos do rigor das normativas, cales valen e cales non. Unha instrución é unha forma de funcionamento que establecen os órganos competentes a un determinado servizo; neste caso unha instrución que ía dirixida ás delegacións e subdelegacións do Goberno, que aínda segue vixente e en vigor, que non ten nada que ver co real decreto do que vostede fala. O real decreto regula para que serven eses consellos e esas xuntas locais, pero a instrución regula quen son os órganos que teñen que instar a formar esas xuntas locais, e, polo tanto, rigorosidade a que vostedes manifestan, que pretenden dicir unhas cousas onde din outras. Entón eu non lles vou entrar a iso porque eu creo e me considero unha persoa seria, sobre todo, realizando o meu traballo. E a responsabilidade non é vender fume, porque se vostede quere falar da seguridade, fale da seguridade, ou fale dos barrios, ou fale do que pasa en cada un deles, pero non veña pedindo que se crea unha cousa que nós non temos que crear, porque o ten que instarlle á Subdelegación de Goberno, que é o que pon a súa proposición. Se non é isto o que quería pedir, presente outra para o seguinte Pleno.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Dicía un profesor meu que para entender primeiro hai que atender. Neste Pleno non falamos nada de biomasa, falamos das plantas de biometano. E vostede pretende dicirme que unha instrución é unha norma superior a un regulamento, e hoxe xa levamos tantas clases de dereito que, honestamente, imos anotarnos e volver matricularnos na facultade. Instámoslle á Presidencia da Xunta Local de Seguridade de Lugo a iniciar os trámites para a constitución do Consello Local de Seguridade. Cremos que é o mecanismo de participación para anticiparnos e planificar e adaptar a normativa que está obsoleta, e que non dá resposta ás necesidades dos lucenses. Este Concello necesita avanzar en materia de seguridade e normas de convivencia no dereito ao descanso. Esas son as propostas que trae o Partido Popular, e facelo de maneira absolutamente participativa, respectando a lei e, por suposto, construtiva, para intentar entre todos ter un Lugo mellor. E non creo que deba enfadarse porque se non lle gusta a proposta, vota en contra e, como xa sabe, descártaa e punto.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Grazas. Procedemos á votación.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

9/81 COMPARECENCIA EN PLENO DO ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 13/66 ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O 30 DE ABRIL DE 2025, PARA EXPLICAR AS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO AO CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO (Exp. 2025/G004/000246).- O Excmo. Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2025, acordou a comparecencia do alcalde presidente para dar conta das xestións realizadas respecto ao control da calidade da auga de consumo humano, segundo o escrito de petición de comparecencia presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular co número 102/2025 de Rexistro de Pleno (posteriormente rectificado polo número 112/2025). O día 9 de maio de 2025 trasladóuselle o acordo, indicándolle que a comparecencia tería lugar na sesión plenaria ordinaria que está prevista para o xoves, día 29 de maio de 2025.

En virtude de todo o cal, comparece o alcalde presidente DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ segundo o seguinte:

DELIBERACIÓN

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Desde el Grupo Municipal del Partido Popular siempre hemos sido muy críticos con la gestión del agua que se hace por parte del bigobierno local, y no es para menos. Para ponernos en contexto hay que retroceder al año 2011 con la puesta en marcha de la depuradora y la potabilizadora, lo que conocemos como EDAR y la ETAP, los trabajos en ambas se asumieron en su día con un contrato de puesta en marcha y no de gestión y así sigue, es decir, 14 años sin mediar un contrato de por medio, casi tantos años como los que lleva usted de concejal en Lugo, señor Fernández, y digo 14 años sin contrato, camino de 15 o 16, porque a día de hoy no hay nada. Y me adelanto porque supongo que me dirá su frase estrella de estamos trabajando en los pliegos. Estarán, no lo dudo, pero en modo ahorro de energía. El otro día, señor Fernández, decía que la inspiración se le había ido de las manos, pues yo le pido que vuelva a cogerla y que la agarre fuerte porque, la verdad, es que en este tema les hace falta. Continuando con la gestión de la EDAR y de la ETAP en su día hasta se estudió la posibilidad de crear una empresa municipal que se encargase del ciclo integral del agua, pero, para que complicarse, mejor privatizar sigue sin contrato y pagando 50 millones de euros a una empresa privada. Señor Fernández, usted, como concejal de transición ecológica y de medio ambiente, tiene responsabilidad directa en esto. Su gestión en los grandes contratos o en tenerlos durante años caducados ya es

como su buque insignia. Pasó con la limpieza y recogida de basura, pasó con el mantenimiento de las zonas verdes y como estamos viendo con el servicio de aguas. Insisto, 14 años y en los que no todo fue un camino de rosas. Por ejemplo, año 2017, usted ya era concejal, señor Fernández, la empresa tuvo que reconocer que hacía análisis para otros concellos aquí, aquí mismo, en las instalaciones públicas municipales, y a esa empresa, a modo de represalia por lo anterior, expedientó a tres trabajadores y despidió a uno, y todo para presionarlos, que, por cierto, después tuvo que volver a readmitirlo. Estoy hablando del año 2017, pero casi 10 años después, ahí sigue la empresa sin contrato. Insisto, la solución parece que ni está ni se le espera. Que, por cierto, es curioso que la empresa que gestione la EDAR y la ETAP sin contrato es la misma que sí tiene contrato para la reparación de fugas de agua los fines de semana y fuera del horario habitual, pues parece que en su partido saben mucho de fontanería, o por lo menos de fontaneros, pero no es que lleven 14 años, es que llevan 25 años olvidándose y pasando completamente de la gestión del agua. Miren, en Lugo tenemos una de las mejores depuradoras y potabilizadoras que podríamos tener, entonces, ¿qué es lo que pasa en Lugo? Pues que da igual que tengamos el mejor coche del mercado, el más potente, que si no tiene ruedas nunca podrá ir rápido. Y ese es el problema de Lugo. Sale agua del primer nivel, pero después nos encontramos que no está apta para los controles. ¿Y por qué? Pues primero, por la cantidad de tuberías que hay de fibrocemento que han sido incapaces de cambiar; segundo, por el escaso o nulo mantenimiento de la red, de la que además no hacen ningún tipo de control y cuando hay fugas no saben ni por donde empezar; tercero, por el desmantelamiento continuo de la brigada de aguas y del servicio administrativo; y, cuarto y principal, que no hay atajos sin trabajo. Todo lo anterior hace que lleguemos a esta situación.

Pero no es solo potabilizar el agua y llevarla hasta las casas, hasta las que tienen, que ya sabemos que muchas ni eso y, por lo que decía la señora González Abelleira, ni la tendrán, sino que hay que cerrar el ciclo, hay que recoger las aguas fecales, residuales, las de lluvia y depurarlas. Tenemos una depuradora con muchas posibilidades, pero, oh sorpresa!, absolutamente infrautilizada, pero de la depuradora hablaré en la siguiente intervención si me da tiempo.

Bueno, el resultado de este *totum revolutum* de los últimos años lo estamos viendo frecuentemente: continuas averías y fugas de agua por la ciudad. Hace cuatro meses veíamos como seis fugas simultáneas provocaban el caos en la ciudad. As Gándaras, Sagrado Corazón, rúa Doutor Gasalla, Conturiz, Bispo, Basulto, urbanización Bellavista, y la que venga, parecía que estábamos en el bingo. Posteriormente, en marzo, saltaba la noticia: en un control rutinario se detectaban niveles de cloro bajos o incluso nulos en algunos puntos en la red de abastecimiento, es decir, que afectaba a la calidad del agua de consumo humano, algo serio. Y no nos olvidemos de los problemas de legionela en varios puntos en la ciudad: caldas, fuentes públicas y las más recientes en los bomberos. ¿Cuántas más cosas tienen que pasar para que ustedes se pongan a trabajar en el ciclo del agua, Señor Fernández? Tiene responsabilidad directa en todo eso, por eso el pasado 14 de abril registramos la solicitud de comparecencia con cinco preguntas.

Creemos que los lucenses necesitan respuestas concretas a lo que está pasando con los controles de calidad, los niveles de cloro, los protocolos que se están siguiendo, por qué no se presentaron alegaciones a la sanción impuesta y si había expedientes sancionadores previos. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois primeiro quero saudar aos veciños e veciñas da Croa, que se incorporaron hai un momento, benvidos todos. E logo, pedíndolle desculpas de antemán á señora Carballas, que é a que defende esta solicitude de comparecencia, teño que dirixirme á señora Elena Candia, porque foi ela quen saíu na prensa, nos criticou, nos insultou e agora parece que se esconde detrás da señora Carballas, porque se ve que non quere debater comigo.

Mire, se no Pleno xa me pareceu percibir na señora Candia unha expresión de sorpresa cando lle aceptamos a comparecencia, algo ademais que debería ser absolutamente normal, se queremos ser transparentes e non temos nada que ocultar, nos seguintes días mostrouse moi intranquila con este tema do abastecemento da auga. Eu vou tratar de tranquilizala.

Claro, esa preocupación non casa moi ben en como foron os feitos, porque primeiro, como dicía, foi á prensa a descualificar, insultar, chamounos incompetentes, malos xestores e demais, e só despois tivo a ben solicitar esta comparecencia. Pois, mire, o que si realmente intranquiliza, señora Candia, e dígollo con sinceridade, é que a voceira da oposición lle importe moi pouco crear unha alarma social entre os veciños e veciñas con este tema da auga que, por outra parte, vou tratar de demostrarlle que é absolutamente infundada para que se quede totalmente tranquila.

E, señora Carballas, señora Candia, os feitos sonlle os seguintes: no mes de maio a intervención, ben, fanos tres preguntas e, polo tanto, necesariamente vai ter que ser extensa e entendo un pouco farragosa por técnica, pero contestareille puntualmente as cinco preguntas. No mes de maio do 2024 firmáronse os pregos de condicións técnicas e cláusulas administrativas para a contratación do servizo de control de calidade da auga de consumo humano na ... de depósito de regulación, rede de distribución, billa do usuario, fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento e control sanitario das piscinas municipais de uso público e das caldas do Miño, porque no mes de xullo remataba a prórroga deste contrato subscrito coa empresa Laboratorio Biosalud. Este servizo préstase para realizar os preceptivos controis de auga de consumo humano na parte do abastecemento xestionada directamente polo Concello e en fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento, tamén nas piscinas municipais de uso público, incluídas as caldas do Miño. Deste xeito do que se trata é de cumprir coa normativa vixente, que é o que facemos, e que, por se acaso, lle vou enumerar: O Real decreto 3/2023, no que se establecen os criterios técnicos sanitarios da calidade da auga de consumo humano e o seu control e subministración; o programa de vixilancia sanitaria das augas de consumo da Xunta de Galicia; o Plan de autocontrol e sinalización das fontes da Dirección Xeral de Saúde Pública, tamén da Xunta de Galicia; o Real decreto 742/2013, no que se establecen os criterios técnicos sanitarios das

piscinas; e o Decreto 119/2019, polo que se regulan os criterios hixiénico sanitarios das piscinas de Galicia.

Seguindo cos feitos, no mes de xuño aprobouse, como debería de saber, señora Carballas, en Xunta de Goberno Local a licitación deste contrato e os pregos técnicos xa asinados pola farmacéutica municipal e os administrativos asinados pola técnica de Contratación, e tamén se aprobou o gasto que supón o contrato deste servizo. A empresa adxudicataria deste contrato ten establecido, en canto á auga de consumo humano en depósitos de regulación, redistribución e billa do usuario, a toma de mostras, cun axeitado transporte delas ata o laboratorio e conservación ata a súa análise, garantindo así a validez dos resultados. Ten que realizar coa maior brevidade posible as análises específicas e as contraanálises e controis que resultan necesarios, emitindo por cada mostra da auga analizada un informe detallado de resultados que se lle remite ao Concello. Estes datos e os resultados teñen que ser introducidos no sistema de información nacional de augas de consumo.

En relación coas fontes públicas, ten que tomar as mostras delas, que son 75 lles recorde, transportalas ao laboratorio e a realizar os controis analíticos, recollendo os datos acerca do seu estado para elaborar posteriormente os correspondentes informes e remitirlos ao Concello, e con esta información elabórase a correspondente base de datos.

Con respecto ás piscinas municipais e das caldas, tamén se toman mostras que se transportan e conservan para a realización dos controis analíticos tanto na auga como no aire no caso de que proceda.

Indicar, así mesmo, que calquera empresa que se presente a esta licitación, como non pode ser doutra maneira, deberá axustarse a todos os requirimentos, tanto os que se establecen na normativa vixente en cada momento, como os que se estipulan nos propios pregos técnicos. Neses mesmos pregos relaciónanse as infraestruturas nas que se realizarán as tomas, como os tipos de análise e a frecuencia. Por exemplo, na auga de consumo humano hai análise na rede de Lugo, na rede do Ceao, do depósito do Ceao ou na billa. Nos que se levan a cabo nas fontes veñen establecidos no Plan de autocontrol e sinalización de fontes, que se teñan como fonte de auga de consumo, da Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia. E nas piscinas contrólanse as exteriores, as climatizadas e as caldas. E isto, por se lle dá máis tranquilidade, non o determine a este equipo de goberno, senón a farmacéutica municipal, que elabora os pregos con base na normativa para aplicar.

No mes de xullo procedeuse á apertura das ofertas presentadas polos distintos licitadores, constatándose que dous deles se atopaban incursos en baixa temeraria. Desde o Servizo de Contratación requiríuselle a documentación xustificativa das circunstancias ou as solucións técnicas que lles permite ás empresas executar o traballo aos prezos ofertados, como é práctica habitual. Como ben saben, e agora vólcome referir á señora Candia, porque vostede non é unha novata na política municipal, seguro que nos anos que foi a alcaldesa de Mondoñedo comprobou que os procedementos administrativos non sempre son todo o áxiles que deberían e requiren os seus prazos e a súa tramitación, pero iso non implica, como é o noso

caso, que os servizos se paralicen ou se deixen de prestar nas mesmas condicións. E, por desgraza, neste Concello tivemos algúns problemas e, ademais, o máis importante, que a técnica responsable á que me refería antes, causou baixa por enfermidade, o que lle impediu, dado que este contrato é moi específico e precisa de coñecementos moi particulares, moi técnicos, elaborar o informe preciso ante a documentación presentada polas empresas para axilizar esas baixas temerarias. En todo caso, a súa incorporación produciuse o 26 de febreiro do 2025, e convocouse nova Mesa de Contratación o 6 de marzo, pero en todo ese período e por acordo tácito entre ambas as partes, mentres non se resolveu formalmente a licitación, que foi en marzo do 2025, a empresa continuou realizando os controis regulamentariamente. Por tanto, poden estar vostedes tranquilos.

Resulta evidente que a realización de controis en todos e cada un dos puntos de subministración de auga é inviable, non en Lugo, en todos os sistemas, por razóns máis que obvias. Pero para paliar esa imposibilidade, estanse a realizar controis aleatorios diarios para determinar o nivel de cloro libre en distintos puntos da rede, tomándose cada día en puntos diferentes, incidindo particularmente naqueles que se atopan ao final da rede, onde por baixo consumo ou por máis tempo de permanencia, o cloro ten máis risco de diminuír. Se así se detecta, procédese á realización de purgas puntuais para proceder á renovación do contido da tubaxe; á parte da cloración, xa remato, a que é sometida a auga de consumo na propia ETAP, no depósito do almacenamento do CEAO, procédese por parte do Concello a unha rechloración continúa con hipoclorito sódico para garantir os niveis adecuados nos puntos de entrega ao consumidor. En ambos os casos, os niveis de cloro libre de saída son controlados de continuo. Eu espero que durante esta explicación comprendan que todas as actuacións para realizar están completamente contempladas nos pregos, na normativa vixente e que se están facendo as cousas correctamente e que a auga que consomen os veciños e veciñas é de boa calidade. Estas situacións, que son facilmente comprobables, son nos puntos de final de rede e que ocorren todos os sistemas, son mínimas, non afectan ao consumo humano e desde os servizos técnicos están permanentemente en contacto.

Eu entendo perfectamente, señora Carballas, señora Candia, que o seu traballo na oposición sexa preocuparse polos servizos do Concello, evidentemente, pero ese traballo non debería ir acompañado desas acusacións tan graves que nos fixeron, e esa alarma que crearon de poñer en perigo a saúde dos lucenses e de que estamos levando unha conduta negligente, e non é verdade e desde logo, non é responsable, volvo reiterar, que a voceira do grupo da oposición, sen dirixirse previamente e ter toda a información do propio goberno, dedícase a ir aos medios de comunicación, porque non nos fai dano político a nós, que seguramente é o que se busca, estase causando prexuízo e preocupación aos veciños e veciñas e estase trasladando unha imaxe irreal e inxusta da nosa cidade.

Así que, temos un bo sistema de subministración de auga potable para a cidade, estanse cumprindo todas as normativas e todos os parámetros e, se realmente ten esa preocupación, señora Candia, de seguir mellorando un sistema, que é punteiro ademais en Galicia, eu ánimoa a que con esas influencias, que -dicía antes-

supoño que terá na Xunta de Galicia, lle reclame ao señor presidente que nos reverta unha parte deses máis de 14 millóns de euros que levamos aportado todos os veciños e veciñas polo canon da auga e dos cales non recibimos nin un céntimo, contrariamente a outros moitos concellos, que lles desexo o mellor, pero que, curiosamente, son todos do mesmo signo político. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten agora a señora Carballas unha quenda de cinco minutos.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Señor Fernández, me parece una absoluta falta de respecto lo que acaba de hacer. Sinceramente, ¿qué pasa? Que para usted soy concejal de segunda, como dijo su compañero de corporación, y por eso le habla a la señora Candia, verdad? Se piensa que yo no tengo criterio propio? Se piensa que no se tomar mis decisiones? Se piensa que no soy capaz de intervenir? Claro, ahora entiendo su respaldo y apoyo injustificado hacía cierta federación. Non me considera a su altura para dirigirse a mí en el debate? Pues, mire, de concejal de segunda a alcalde de tercera, voy a mostrar más respecto que usted y me voy a centrar en el tema que nos compete.

Nosotros ni causamos alarma, señor Fernández, son las sanciones, son los datos lo que lo dicen, no el Grupo Municipal del Partido Popular. La preocupación la causan ustedes no poniendo remedio a los problemas y no dando ningún tipo de explicación. Como decía antes, tenemos una depuradora completamente infrautilizada y por varios motivos: primero, porque la red no está a la altura, no se apostó en su día por una red separada que consistiría en recoger agua de lluvia por un lado y aguas residuales o sucias por otro, aquí la red es unificada; segundo, los tanques de tormenta se desbordan cada vez que llueve, lo vimos en varios puntos, por ejemplo: Rato, Meilán, y derivando problemas de vertidos a los ríos; tercero, porque una vez que se termina el proceso de depuración tienen dos sistemas pioneros, no se si los conoce, que además no están utilizando: uno, la producción de gas, que produciría un ahorro para este Ayuntamiento si se utilizase en vez de quemarlo, y, dos, la reutilización de agua depurada para otros usos, por ejemplo, para garantizar el caudal ecológico del que hablaba la señora Abelleira, que con esto, a lo mejor, sí que se podría garantizar que el caudal del río fuera suficiente para abastecer a las parroquias del rural.

Hay que buscar soluciones a los problemas, no mirar para otro lado. Incluso se podría utilizar esa agua para riego, baldeos, actividades que necesiten que fuese agua potable. Pero, bueno, ustedes optan por la vía fácil de no hacer nada de nada. Eso sí, ante un papel, miren, queda todo muy bonito. Tengo aquí, el Plan de acción Lugo Cidade Verde, es chulísimo, precioso, fotos, cuadros, colorines, pinturas.

Punto cinco. Sí, sí, ríanse. Punto cinco, Plan de gestión sostenible del agua, actor coordinador a Alcaldía do Concello de Lugo, lo pone aquí. Este es usted, señor Fernández, ¿me puede explicar qué hicieron desde entonces? Yo le hablé a usted, a diferencia de que no me habla a mí, como siempre, nada de nada. Pero es que no sólo se lo decimos desde el grupo municipal, le suenan los ODS, los objetivos de

desarrollo sostenible, que muchas veces se ponen ustedes en ese pin, bendito postreo, pues en junio de 2024 nos evaluaron la calidad del cumplimiento de sus objetivos y no llegaron ni al aprobado, un 42 sobre 100, una vez más, dato mata relato. Aquí les ponían cuatro notas: muy positivo, positivo, regular, negativo o muy negativo. Bueno, pues el ODS 6, agua limpia y saneamiento, ¿qué puntuación se les puso? Muy negativo. Igual que el ODS 15, vida de los ecosistemas terrestres, muy negativo. Es decir, entre los deberes que le pusieron para cumplir la Agenda 20-30 está: mejora del agua limpia y saneamiento y la vida de los ecosistemas terrestres, concejalía que depende directamente de usted, señor Fernández, y que a día de hoy tienen una calificación de muy negativo, suspenso rotundo. Y eso no lo dice el Grupo Municipal del Partido Popular, lo están calificando aquí, eso sí, la señora González Abelleira dice en los medios que Lugo es un referente en la gestión do ciclo del agua. Es que mienten y ni se ponen colorados. Espero que dejen el modo ahorro de energía, insisto, agarre la inspiración fuerte porque lo necesita. De aquellos polvos, estos lodos, y nunca mejor dicho, hace un par de semanas veíamos como tenían que pagar cerca de 60.000 euros en sanciones, que a eso no hizo referencia, por vertidos contaminantes en distintos puntos del municipio entre os anos 21 y 23, cuando usted ya era responsable de Medio Ambiente, y para variar no contestaron a los expedientes. ¿Por qué no contestan ni toman medidas, señor Fernández? Y otra cosa que no me explicó en relación a la legionela en la ducha del parque de los bomberos, ¿Por qué tardaron casi un mes en tratar de darle solución? ¿Por qué esperar un mes sin tomar medidas? ¿Me puede contestar a eso, Señor Fernández?, si quiere le puede contestar a la señora Candia, que yo le escucho igual. Mientras en otras ciudades avanzaban hacia una gestión sostenible, aquí seguimos con un servicio obsoleto, completamente desmantelado y sin una solución prevista. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, recordará, señora Carballas, que empecei argumentando e pedíndolle desculpas por non dirixirme soamente a vostede, argumentando e dándolle as razóns polo que o facía e, desde logo, non vou entrar nese vitimismo seu de concelleiro de segunda nin de terceira e, moito menos, en temas de perspectiva de xénero, como -creo- antes de entrar fixo a señora Candia, acusándome en relación con ese incidente que tiveron vostedes coa federación, acusándome de que o dicía por ser muller. Eu, sinceramente, me parece tan ruín que nin sequera vou entrar nese debate. Mire, dirixíame á señora Candia porque foi ela quen acudiu aos medios de comunicación antes de falar con este Concello, e alí acusounos de incompetentes, de malos xestores, de ineptos. Antes de preguntarnos. Soamente despois tivo a ben presentar esa...

E como vexo que tampouco lle valeron os meus argumentos, as miñas razóns, porque chegou a dicir, din que non unha alarma, pero chegou a dicir hoxe neste Pleno que a auga de Lugo non está apta para o consumo, dixo textualmente. Se iso es así, pois está claro que se iso non é alarma que veña Deus e o vexa.

Mire, como vexo que neste tema despréndese máis que interese por solucionar un tema puntual, absolutamente puntual, que ocorre en todas as cidades, en todos os

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

sistemas, e que ademais estase traballando ben e conforme á normativa e cumprindo todos os parámetros e, ademais, na intervención deime conta de que traía a intervención preparada e que non me vai escoitar nin vai atender razóns, eu creo que en casos como este o que hai que facer é predicar co exemplo. Así que, señores, a saúde para todos (bebe un vaso de auga).

10/82 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE ABRIL DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000265).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 12 de abril de 2025, coa numeración 3757/2025 a 4799/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

INTERVENCIÓN

11/83 DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025.- En conformidade co previsto na Base 31 de Execución do Orzamento Xeral do exercicio 2025, **DÁSELLE CONTA** ao Excmo. Concello Pleno da situación económica do estado de execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2025, en base á información rendida ao Ministerio de Facenda e Función Pública mediante os formularios remitidos a través da plataforma OVEL, según anexo que obra no expediente.

De todo o cal, o Excmo. Concello quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

12/84 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE ABRIL DE 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo

22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de ABRIL de 2025, coa numeración 36/2025 a 47/2025.

Do 01 ao 30 de ABRIL de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000035	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento JOSE MANUEL PEREZ FERRO (IVTM Nº 12184203 exercicio 2024)	2025/35	01/04/2025
2025/T030/000036	Resolución Tesourería.- Recurso reposición dilixencia de embargo en contas Zulema Gabarri León	2025/36	04/04/2025
2025/T030/000037	Resolución Tesourería.- Corrección 2025/26 INADMISIÓN Recurso reposición dilixencia de embargo MARIA BELÉN RODRÍGUEZ ARIAS	2025/37	04/04/2025
2025/T030/000038	Resolución Tesourería.- Corrección 2025/14 do Recurso reposición dilixencia de embargo pensión expte.constrinximento 2002EXP47002032 LUIS POL RIELO	2025/38	04/04/2025
2025/T030/000040	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo IVTM anos 2023/24 CARLOS AUGUSTO BENA DE RETTE ARMERI dos recibos 11611657 e 12139381/1	2025/39	07/04/2025
2025/T030/000039	Resolución Tesourería.- Recurso reposición JUAN AVELINO CASTRO GONZALEZ providencia de constrinximento IVTM/24 (Recibo 12158842 Matrícula 1453 BYR)	2025/40	08/04/2025
2025/T030/000041	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento ARCOBAY MED SL (Multa 2023-B-00000501) (Representante)	2025/41	08/04/2025
2025/T030/000042	Resolución Tesourería.- Resolución recurso reposición providencia de constrinximento SADIKI RACHID Multa 2022C0000110	2025/42	10/04/2025
2025/T030/000043	Resolución Tesourería.- Recurso reposición presentado por BBVA fronte a derivación subsidiaria da débeda correspondente á taxa por subministro de auga ó propietario o inmovible nº 363/2025 de 15/01/2025 expediente 47010000055010.	2025/43	21/04/2025
2025/T030/000044	Resolución Tesourería.- Resolución recurso reposición requerimento pago concurrencia cotitulares Jesús Rodríguez Arias	2025/44	22/04/2025
2025/T030/000045	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia constrinximento MARIANA GARCIA LOPEZ IVTM/24 vehículo 4770 JTZ.	2025/45	22/04/2025

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

2025/T030/000046	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento JULIO MATO LÓPEZ recibos de auga en Poeta Díaz Castro. 8 1ºD	2025/46	30/04/2025
2025/T030/000047	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo MARIA DEL MAR LOPEZ TRASORRAS nº recibo 11109135 do IVTM/22	2025/47	30/04/2025

De todo o cal, o Excmo. Concello quedou informado para os oportunos efectos.

13/85 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025.- Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, DÁSELLE CONTA ao Pleno da Corporación do informe de morosidade correspondente ao primeiro trimestre de 2025, emitido pola Tesoureira Municipal en data 29 de abril de 2025 e que literalmente di:

«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025.**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego

- Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

- Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).

- Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debida comercial no sector público.

- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).

- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.
- Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

INFORME.

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos

seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramente de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o deveción automático de xuros da débeda impagada.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.

Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.

SEGUNDO. O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que

«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».

TERCEIRO. Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 31 de marzo de 2025, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

1. Obrigas pagadas en prazo.

No primeiro trimestre do ano 2025 realizouse o pagamento de 1.037 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 14.519.342,49 euros. De ditas facturas, 508 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 10.993.670,44 euros.

O número de facturas pagadas en prazo supón o 48,99% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 75,72% do total pagado.

2. Obrigas pagadas fora prazo.

No primeiro trimestre do ano 2025 realizouse o pagamento de 1.037 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 14.519.342,49 euros. De ditas facturas, 529 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 3.525.672,05 euros.

O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 51,01% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 24,28% do total pagado.

3. Período medio de pago.

O período medio de pago (PMPE) é de **58,07 días**.

4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 31 de marzo de 2025 3.250, que representan un importe global total de 9.627.616,15 euros.

Das anteditas facturas, 549, 6.356.168,26 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 2.701 restantes, 3.271.447,89 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

5. Período medio de pago pendente.

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **72,46 días**.

6. Xuros de demora.

Durante o primeiro trimestre de 2025 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

7. Períodos medios de pago mensuais:

Os períodos de PMP consolidados incluídos son os seguintes:

Periodos de PMP incluídos	PMP (días)
Xaneiro 2025	16,27
Febreiro 2025	11,02
Marzo 2025	6,78

CUARTO. Respecto aos datos de Evislusa, o período medio de pago (PMPE) é de **6,67 días**, e o período medio de pago pendente (PMPP) é de **27,83 días**.

QUINTO. De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

SEXTO. Os datos do primeiro trimestre 2025 reflicten unha mantemento dos datos do trimestre anterior na tramitación e pago das facturas, mántendose o PMPE por debaixo dos 60 días, aínda que diminúe a porcentaxe de facturas pagadas dentro do prazo legal pero mantense a porcentaxe do importe pagado dentro deste.

Débase procurar manter esta regularidade e a mellora no procedemento de tramitación das facturas **dentro dos prazos legais**.

O PMPP increméntase lixeiramente, afectado probablemente, entroutras causas, pola necesidade de levar a cabo o peche e liquidación do exercicio que conleva a necesidade de incorporar en moitos casos remanentes de crédito que financien facturas que quedan pendente ata que estes trámites finalizan. Resultaría preciso manter durante todo o exercicio a **axilidade na tramitación das facturas que se atopan en circuito de sinatura**.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e **das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración** das mesmas en colaboración co servizo correspondente.

E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que **resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente**.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que

*pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo, **o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos**. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello **coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas**.*

Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.

***SÉTIMO.** Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.*

Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería non resultou xa suficiente en determinados períodos do exercicio en exercicios anteriores, o que poñía de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Aínda así, neste trimestre notouse unha mellora na liquidez da Tesourería derivada, entroutros factores, da sensible mellora experimentada con medidas de contención do gasto, pero tamén dos elevados importes ingresados correspondentes a proxectos financiados con recursos alleos cuxas obrigas foron imputadas a exercicios anteriores, o que conlevou as dificultades no exercicio 2024 ao anticipar recursos e a mellora no 2025, tal e como reflicte o informe da Intervención Municipal á liquidación do exercicio 2024.

Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no primeiro trimestre de 2025 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.

Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 157/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA AUTÓNOMO QUE PERMITA O ACCESO ÁS PISCINAS MUNICIPAIS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

O Grupo Municipal do Partido Popular reitera a petición xa realizada en anteriores ocasións, relacionada coa accesibilidade nas piscinas municipais de Lugo.

Coa chegada do verán, consideramos prioritario garantir que todas as persoas poidan gozar en igualdade de condicións das instalacións públicas, en especial das piscinas exteriores. Neste sentido, volvemos solicitar ao Concello de Lugo a **implantación dun sistema autónomo de acceso ao baño** que permita ás persoas con mobilidade reducida acceder á auga sen necesidade de asistencia por parte de persoal municipal.

No seu día, tal como se nos indicou no pleno de setembro de 2023, o Concello adquiriu unha grúa para facilitar este acceso, pero trátase dun sistema que require a intervención de traballadores/as municipais, o que limita a autonomía das persoas usuarias e, na práctica, dificulta o seu uso.

O que solicitamos é a instalación dun sistema completamente autónomo, como os que xa existen noutros concellos, que permita que calquera persoa con discapacidade ou mobilidade reducida poida acceder á auga de maneira independente, segura e digna, favorecendo así unha inclusión real e efectiva.

Rogamos ao Goberno municipal que atenda esta demanda, que non é nova pero si urxente e necesaria, para que este verán as piscinas municipais sexan un espazo verdadeiramente accesible para toda a cidadanía.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, señor Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Gracias. Miren, hoy, por tercera vez volvemos a traer a este Pleno un ruego que sinceramente no debería ni ser necesario repetir, porque estamos hablando de algo tan básico, tan de sentido común que sorprende que a estas alturas aún tengamos que repetirlo. Llevamos tiempo pidiendo que se instale en la piscina municipal un dispositivo que permita a las personas con movilidad reducida acceder de forma autónoma al agua, autónoma, sin depender de nadie, es decir, sin necesidad de pedir cita previa para que una persona de este Concello, o dos incluso, tenga que estar esperando para

poder ayudar a una persona a que baje al agua a bañarse. Porque la autonomía no un lujo, es un derecho, y la accesibilidad no es algo que se improvisa ni se parchea, hay que garantizarla. Que han hecho ustedes? Pues lo de siempre, otro parche: Una grúa, una grúa como la que había, pero nueva. Una grúa que parece más pensada para salir del paso que para resolver el problema de verdad; una grúa en la que una persona con movilidad reducida no puede subir sola ni bajarse sola, necesita ayuda, necesita asistencia de otras personas; una grúa que obliga a que alguien tenga que ayudarles, limitando completamente la autonomía de quienes más lo necesitan. Es decir, no pueden bañarse ni cuando quieran, ni como quieran, ni con independencia y eso no es autonomía. Nos decía la concejala, la compañera Ana Abelleira: Tenemos derecho al baño en el río, ¿Qué pasa con estas personas que se quieren bañar en la piscina y no pueden? Le rogamos que cumplan con lo que se pide, que escuchen de verdad a quienes usan esta piscina y que instalen de una vez un sistema que permita el acceso autónomo para las personas con movilidad reducida. De verdad ustedes, Miguel, Rubén, Maite, Iría, Ángeles, no voy a decir todos los nombres, se han puesto en la piel de estas personas que queriendo ir a la piscina un día cualquiera con sus amigos, con sus amigas, solas o acompañadas, no puedan hacerlo con la misma independencia que lo hacemos cualquiera de los que estamos aquí sentados ahora mismo. Pues, la verdad parece que no, que nunca se pusieron en su situación. Están impidiendo acceder con autonomía a un servicio público que debiera estar abierto a todos sin distinciones. Reflexionen, no es por el Partido Popular, es por ellas, por las personas con movilidad reducida, porque merecen algo más que una grúa mal pensada en la piscina. Merecen respecto, autonomía y una administración que no les ponga barreras, sino que se las quite. Muchas gracias.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra, o señor Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Ben, o primeiro, dicir que non hai unha cadeira de accesibilidade precaria, hai agora mesmo tres cadeiras nas piscinas municipais, das cales dúas están compradas nos últimos... o ano pasado comprouse unha e a outra comprouse relativamente hai pouco. Despois, non pode dicir que esta xente non se pode bañar, porque teño os datos das piscinas e todo o mundo que vai pídelle ao socorrista, que está dentro das súas funcións, que se pode entrar á piscina coa grúa e accesibilidade total, non hai ninguén que se quede sen bañar. De todas as maneiras, sorpréndeme a postura agresiva que ten vostede nesta proposta, non sei quen a escribiu, pero teremos en consideración a implantación dun sistema autónomo de acceso, pero, de verdade lle digo, non tivemos ningunha queixa de alguén que fóra de maneira autónoma a bañarse, ningunha. Que non houbera chegado á piscina, todo o mundo tivo accesibilidade, tivo a posibilidade de bañarse nas nosas piscinas municipais.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Bustos.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 158/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ARRANXE A RÚA FONMIÑÁ NO BARRIO DE BUROZOS.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No mes de novembro de 2024 o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba un rogo a pleno para o arranxo da rúa Fonmiñá, no barrio de Burozos. Despois de constatar que a afirmación feita polo concelleiro Mauricio Repetto nese pleno non se correspondía coa realidade, reiteramos a solicitude no mes de decembro.

Estamos no mes de maio e esta vía, que dá servizo a numerosos veciños do Sagrado Corazón, segue presentando unha situación de intransitabilidade e abandono. Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se atendan as demandas veciñais do barrio de Burozos e se proceda a desbrozar e reparar esta vía de xeito que permita a circulación segura pola mesma





DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a voceira. Cando queira.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: Ben, saudar aos veciños da Croa e tamén aos de Burozos, que parece ser que se lle esqueceu saudar aos veciños de Burozos ao señor alcalde.

No mes de novembro de 2024, o Grupo Municipal do Partido Popular presentou un rogo a Pleno solicitando o arranxo da rúa Fonmiñá, situada no barrio do Burozos, unha vía que empregan a diario numerosos veciños da zona do Sagrado Corazón e que se atopa nun estado de deterioración moi avanzado. Naquel momento, o concelleiro Mauricio Repetto afirmou que xa se estaba actuando para dar resposta á demanda, esta afirmación non se mostrou con feitos reais. A situación da rúa non mellorou obrigando ao grupo a reiterar a petición no Pleno de decembro. Cómpre lembrar que o actual alcalde Miguel Fernández, antes de asumir o cargo cualificou a situación da rúa como inaceptable, xerando así unha lóxica expectativa entre a veciñanza de que se acometería unha solución efectiva. Non obstante, a única actuación levada a cabo foi un recheo puntual con grava nun pequeno tramo, sen planificación nin criterio técnico, que resultou claramente insuficiente. A maior parte da vía segue o mal estado, con fochancas, maleza e dificultades para o tránsito; as recentes tormentas agravaron a situación, arrastrando a grava colocada e deixando a rúa en condicións aínda peores. Isto evidencia a falta de compromiso do goberno municipal e a ineficacia das medidas adoptadas. Estamos xa en maio do 2025, e os veciños e veciñas de Burozos seguen agardando unha solución. Non se trata dunha petición nova nin illada, senón dunha demanda recorrente xustificada e avalada pola cidadanía. Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte rogo: que o goberno municipal do Concello de Lugo atenda de forma

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

inmediata e efectiva as reiteradas demandas da veciñanza do barrio do Burozos, procedendo á roza, acondicionamento e reparación integral das rúa Fonmiñá, mediante unha intervención seria, planificada e duradeira, que garanta unhas condicións axeitadas de seguridade, accesibilidade e mobilidade para todos os seus usuarios. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Rubinos. Contesta o señor Alex Pena. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas, señor alcalde. Tómase en consideración, dependendo das condicións técnicas... Ben, estudarase tecnicamente a viabilidade

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 159/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE LLE REITERE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE QUE SE DEA O NOME DE TOMÁS NOTARIO VACAS Á PONTE DAS SAAMASAS.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No mes de febreiro, PSOE e BNG presentaban unha proposición a pleno para que o Concello de Lugo dese traslado ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible da proposta do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de nomear a Ponte das Saamasas como Ponte Tomás Notario. Nesa ocasión o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba unha emenda (non aceptada) para que a corporación municipal apoiase dita solicitude.

Ante a noticia de que o Goberno de España rexeita esta medida, o grupo municipal do Partido Popular reitera a súa solicitude, nesta ocasión como ROGO a PLENO, para que o Concello de Lugo demande ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que dé o nome de Tomás Notario Vacas á Ponte das Saamasas, que salva o leito do Miño ao seu paso dentro do trazado da N.540, en recoñecemento aos seus méritos e vinculación coa cidade e provincia de Lugo.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra a voceira do Grupo Popular.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Foi no mes de febreiro onde esta sesión plenaria adoptaba un acordo e se lle daba traslado ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible da proposta do Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos de nomear a ponte das Saamasas como ponte Tomás Notario Vacas. Este grupo previamente anunciara o seu apoio de maneira explícita a que o nome desa ponte levase o recoñecemento a tantos anos de traballo do que foi un grande

alcalde da nosa cidade. Xa foi no debate desa iniciativa onde nos parecía moi pouco ambicioso, e non fomos capaces de que aceptaran a nosa emenda, o mero feito de dar traslado. O compromiso que asumía realmente esta sesión plenaria, fíxese que ata nos podía valer, en debates anteriores, dirixímonos ao Ministerio de Transportes, parecía que nesta sesión plenaria era imposible que puidésemos facer isto, para que sexa esta institución á que lle dera ese nome a dita infraestrutura.

Parecíanos pouco ambicioso, porque pediamos que no punto primeiro o Pleno se pronunciara explicitamente sobre o apoio a esa petición do Colexio de Enxeñeiros. Parecíanos pouco ambicioso e ao mesmo tempo tamén nos parecía un pouco sospeitoso, seguramente, e todo o mundo sabe que tanto o Ministerio como a propia a Alcaldía son da mesma cor política e xa sabían que non estaban moito polo labor, e a información que se foi dando nos últimos tempos parece que confirma que, efectivamente, non van acceder a esta petición do colexio que, como dicía, o grupo do Partido Popular apoiaba.

Como tamén é certo que aínda non hai nada que non sexa irreversible, cremos que é necesario e de xustiza que este Concello reitere e persevere nesa petición, e por iso traemos a Pleno este rogo para que o Concello de Lugo demande ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que dea o nome de Tomás Notario Vacas á ponte das Saamasas que salva o leito do Miño ao seu paso pola nacional 540.

As explicacións que daban de que este tipo de infraestruturas non levaba ou non podía levar o nome de ningunha persoa, creo que quedou perfectamente corrixido con traballos que os medios de comunicación fixeron, poñendo ademais a disposición de todos os lucenses exemplos que efectivamente desmenten que isto sexa así.

Entón, como naquela sesión plenaria de febreiro parece que todo o mundo estaba de acordo, eu reitiro vía rogo, a que vostede, exercendo o seu liderado, e entendo o entendemento, valga a redundancia, co ministerio da mesma cor política, faga esta xestión para que teñamos unha resposta positiva.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señora Candia. Ten agora a palabra a voceira Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Pois o Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible está totalmente informado a través do acordo tomado no Pleno que mencionou desta situación.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 160/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INFORME DAS TRAMITACIÓNS DOS TAPÓNS URBANÍSTICOS DE CAMIÑO DE PIPÍN, RÚA MACEIRA CON RÚA JUANA LA LOCA E AVENIDA DA CORUÑA.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No pleno do mes de decembro de 2023, o Grupo Municipal do Partido Popular presentaba unha proposición para que o goberno municipal cumprise os

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6846155139266412769.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2025

puntos xa acordados en plenos anteriores e no prazo de 2 meses aprobase un plan de supresión de tapóns urbanísticos, ao que o goberno respondía: *“moitas grazas, señora Candia por recordarme no que xa estou traballando neste momento”...“Non lle vou votar que sí porque xa o estou facendo. E ademais neste momento estase traballando en tres tapóns, concretamente. non todos por expropiación. Hai un concretamente no que estamos traballando na permuta, para que precisamente non nos custe diñeiro”*.

Un mes máis tarde, tras formularse a pregunta concreta sobre cales eran eses “tapóns urbanísticos” nos que se estaba a traballar, informouse de que se trataba dos seguintes:

- Camiño de Pipín
- Rúa Maceira con rúa Juana La Loca
- Avenida da Coruña

Cando xa transcorreron 16 meses dende aquelas declaracións e informacións ofrecidas polo propio goberno local, non se ten constancia de ningún avance visible ou concreto nas tramitacións anunciadas polo que o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO a PLENO para que se proceda a informar a este pleno da situación actual desas tramitacións que xa estaban iniciadas a principios de 2024.

Cómpre ademais salientar que a preocupación veciñal pola existencia destes tapóns urbanos foi expresada publicamente tamén no pregón das Festas do Barrio da Piringalla, onde se fixo referencia explícita á necesidade de avanzar na súa eliminación. Este feito pon de manifesto que non se trata unicamente dunha reclamación política, senón dunha demanda social amplamente compartida pola veciñanza dos barrios afectados.

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra o señor Gallego. Cando queira.

DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO: Grazas, señor presidente. Falar de tapóns é falar dunha gran tarefa pendente neste Concello. No Pleno do mes de decembro do ano 2023, este grupo municipal presentaba una proposición ao goberno municipal para que cumprise os puntos acordados no Pleno anterior, concretamente dous meses antes se aprobara un plan de supresión de tapóns urbanísticos, ao que respondían: *Moitas grazas, señora Candia, por recordarme no que xa estou traballando neste momento. Non lle vou votar que si porque xa o estou facendo. Ademais, neste momento estase traballando nos tapóns, un deles de expropiación, e concretamente no que estaban traballando era na permuta para que precisamente non nos custe diñeiro*. Un mes máis tarde, tras formularse a pregunta concreta sobre cales eran os tapóns urbanísticos nos que estaban a traballar, informóusenos de que eran os de Camiño de Pipín, rúa Mazaira con Juana la Loca e a avenida da Coruña.

Cando xa transcorreron 16 meses daquelas declaracións e informacións ofrecidas polo goberno local, ao día de hoxe non se ten constancia ningunha de ningún avance e tampouco é visible a situación. En concreto, nas tramitacións anunciadas polo Grupo Municipal do Partido Popular presentamos a este rogo a Pleno para que se proceda a informar da situación actual destas tramitacións que xa estaban iniciadas no ano 2024. Cómpre, ademais, salientar que a preocupación veciñal pola existencia destes tapóns foi expresada publicamente tamén no pregón das festas do barrio da Piringalla, onde se fixo referencia explícita á necesidade de avanzar na súa eliminación. Este feito pon de manifesto que non se trata unicamente dunha reclamación política, senón tamén dunha demanda social amplamente compartida pola veciñanza dos barrios. Moitas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: señora Gallego. Ten a palabra o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcaldes. Lamento darlle unha reposta orozcania, pero estes son os tapóns que temos rexistrados (ensina uns papeis) e estamos traballando neles. Se quere información veña polo servizo e falámolo. Así que que o teremos en consideración.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 161/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CON DIVERSAS CUESTIÓN QUE ATINXEN Á INSTALACIÓN DOS NOVOS CONTADORES DIXITAIS DE AUGA LIMPA.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

A Orde ICT/155/2020, en vigor desde febreiro de 2020, establece que os contadores de auga con máis de 12 anos de antigüidade deben ser substituídos por dispositivos homologados antes do 24 de outubro de 2025. Esta obriga legal afecta aos **contadores de auga limpa**, tanto fría como quente, utilizados para **consumoresidencial, comercial ou na industria lixeira**. A súa renovación representa unha oportunidade para modernizar o servizo municipal de abastecemento de auga e avanzar cara unha xestión máis eficiente e transparente.

A instalación de **contadores dixitais con lectura remota**, aínda que supón un custo inicial superior respecto aos contadores convencionais, representa unha aposta estratéxica con claras **vantaxes** tanto para os consumidores como para a administración xestora. Para os usuarios, este tipo de dispositivos permítecoñecer en tempo real o consumo, detectar con rapidez fugas ou anomalías, e evitar sobressaltos nas facturas grazas a un control máis preciso e transparente. Ademais, fomenta un uso máis responsable da auga. Para o Concello, a súa implantación

suporía unha importante mellora na planificación e monitorización da rede, facilitando a detección de fraudes ou perdas e incrementando a eficiencia na xestión do servizo. Isto tradúcese en aforro en custos operativos, mellor atención á cidadanía e maior capacidade de resposta ante incidencias. Todas estas vantaxes deberían ser razón suficiente para que sexa o propio Concello quen adopte un papel proactivo, proporcionando información accesible e rigorosa á cidadanía, promovendo a instalación de contadores con lectura remota e, ao mesmo tempo, desenvolvendo a plataforma tecnolóxica necesaria para a lectura, xestión e análise dos datos de consumo. En definitiva, solucións que redunden nunha mellora real do servizo.

Porén, a día de hoxe, a case 5 anos dende a entrada en vigor da norma, non temos constancia de que o Goberno local estea ofrecendo á veciñanza información clara e accesible sobre os diferentes tipos de contadores nin orientación para escoller a opción máis axeitada. A páxina web municipal non recolle información detallada ao respecto e o modelo de comunicación de cambio de contador que facilita a Unidade de Augas do Concello é insuficiente, xa que non permite indicar se se instalou un contador dixital con capacidade de lectura remota, nin vai acompañado dunha guía técnica que axude os usuarios.

Cómpre lembrar que, se ben a normativa non obriga á instalación de contadores dixitais con lectura remota, esta sería unha opción sensatasó **se se conta previamente unha plataforma dixital que permita recibir, procesar e xestionar os datos de consumo**. En caso contrario, carecería de sentido realizar ese investimento tecnolóxico.

En base a todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula, ante o Pleno, a seguinte **PREGUNTA**:

Está o Concello de Lugo preparado tecnicamente para realizar a lectura remotas dos novos contadores dixitais de auga limpa que se están a instalar?

En caso contrario, ten previsto dotarse dunha plataforma ou aplicación dixital que permita recibir, procesar e xestionar os datos de consumo dos fogares, comercios e pequenas industrias do conxunto do termo municipal? E, se é así, en que prazo se prevé a súa posta en marcha?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra a señora Colmenero. Cando queira.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Moi ben, moitas moitas grazas señor alcalde. Bo día a todos. Unha norma estatal, unha norma técnica obriga en toda España a verificar ou substituír todos os contadores da auga limpa que cheguen ao final da súa vida útil, é dicir, cando levan 12 anos instalados, antes de outubro deste ano. Esta obriga que afecta a máis de 20.000 fogares e comercios de Lugo xa está

en marcha. Desde o ano 2020, estanse substituíndo milleiros de contadores de auga, tanto en vivendas como en locais comerciais de todo o municipio. Baixo o noso criterio, o Concello non debería estar mirando para outro lado ou, polo menos, non limitarse a cumprir unicamente o mínimo estrito legal. O Concello debera liderar este proceso con independencia da titularidade dos contadores. Ben é certo que os contadores non é obrigatorio que se instalen dixitais, pódense instalar aínda analóxicos, pero é certo tamén, e aquí o que marca a diferenza, que unha Administración seria, traballadora e previsor, un goberno responsable que pensa no futuro, un goberno que traballa polo ben da veciñanza e, sobre todo, un goberno que é coherente co seu discurso medioambiental, debera fomentar a instalación de contadores con telelectura, incluso promovendo políticas de axudas ou incentivos para que se instalen, e, por conseguinte, debera ter un sistema de telexestión para tratar eses datos do consumo da auga. As vantaxes son moitísimas, non dá tempo a expoñelas, así que conclúo, a piques de rematar este prazo de cinco anos, queremos saber, preguntámonos, se o Concello, o goberno local, estivo á altura deste reto. Sabemos que subiron os impostos, sabemos tamén desde hoxe ademais que non vai haber auga suficiente para o saneamento do rural, non vai haber alí contadores, pero os que si xa se están instalando, temos un sistema para a súa lectura en remoto? Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señora Colmenero. Ten a palabra a señora Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, a primeira pregunta de se estamos capacitados para o novo reto, como din vostedes, non miramos cara a outro lado, somos un goberno responsable, levámolo repetindo dende o principio, e estamos en disposición de cumprir toda a normativa, como intentamos facer sempre. Tamén lles invito a que lean, porque xa foi anunciado no seu día pola alcaldesa Paula Alvarelos, o proxecto, Aquavita que a través do PERTE da presentación a esa concorrência de subvencións europeas, podemos optar a preto de tres millóns de euros. E dentro dese traballo de Aquavita que se está levando a cabo, xa é a terceira vez que concorremos, polo tanto, eu creo que deben deben informarse un chisquiño máis. Estamos en capacidade facelo e estámolo facendo.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 162/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DOS HORTOS URBANOS.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No ano 2017 o goberno local anunciaba a creación duns hortos urbanos no entorno do parque dos Paxariños cunha extensión total de 3.000 metros cadrados. Do total se utilizaría para o cultivo unha extensión de 1.085 metros cadrados no que se delimitarían 33 parcelas, aínda que posteriormente serían 32, e os restantes para zonas comúns: aparcamento, caseto de madeira para aperos e material, fontes de rego así como mesas e bancos de uso público.

O 14/06/2017, o entón voceiro municipal, Miguel Fernández, anunciou en rolda de prensa que a Xunta de Goberno Local viña de aprobar a ordenanza municipal reguladora do uso dos hortos urbanos, que posteriormente tería que ser ratificada polo Pleno do Concello de Lugo. Na sesión plenaria do 30/11/2017 se adoptou o acordo número 1/222 relativo á toma de razón da aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos, que establece o procedemento de adxudicación e as normas de uso dos hortos.

Segundo indica a referida ordenanza, o prazo de adxudicación das parcelas é de dous anos vexetativos, polo que o pasado 26/01/2024 aprobouse iniciar o procedemento da terceira convocatoria pública do uso dos hortos municipais.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 24/04/2024 adoptou o Acordo nº 3/180 no que aprobou a listaxe provisional de persoas adxudicatarias, admitindo entre os mesmos beneficiarios da anterior convocatoria, solicitudes fora de prazo e admitidos residentes de forma temporal no municipio non empadroados. Os adxudicatarios resultantes do proceso foron 30, polo que aínda así quedaron libres 2 parcelas.

O 23/05/2024 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a listaxe definitiva de persoas adxudicatarias.

Un ano despois a veciñanza demanda que os hortos non foron entregados e cando piden información ao Concello a resposta é que están preparando o terreo, pero a realidade é que a zona de cultivo está completamente abandonada. Ademais, están preocupados porque a adxudicación é por un prazo de dous anos vexetativos e xa perderon o primeiro, polo que é de xustiza que o prazo comece a contar dende que as parcelas sexan cedidas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

- **Por que tras un ano da súa adxudicación aínda non se entregaron os hortos os seus beneficiarios?**

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, dámoslle a palabra a señora Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Grazas alcalde. Traio preparada unha intervención documentada referente a hortos urbanos, porque a verdade é que me gusta informarme e saber do que falo e prepararme as intervencións. É increíble que ata iso se me poida botar en cara.

No ano 2017, o goberno local anunciaba a creación duns hortos urbanos no contorno do parque dos Paxariños, cunha extensión total de 3.000 metros cadrados; anunciábanse 33 parcelas que non se sabe por qué, posteriormente serían 32, e diferentes zonas comúns: aparcadoiro, caseta de madeira, pero sen material, fontes de rega e mesas e bancos de uso público. En xuño do mesmo ano, anunciouse en rolda de prensa que a Xunta de Goberno local viña de aprobar a ordenanza municipal reguladora do uso dos hortos urbanos, para despois proceder

á publicación e a adxudicación das parcelas, primeiro a ordenanza e posteriormente o uso, que é como se fan as cousas. A principios do ano 2024, aprobouse a terceira convocatoria pública de uso dos hortos municipais e o 23 de maio a Xunta de Goberno local aprobou a listaxe definitiva de persoas adxudicatarias durante dous anos vexetativos, pero un ano despois esta é a situación das parcelas (ensina unhas fotos). Como ven, o terreo está completamente abandonado e a veciñanza queíxase de que os hortos aínda non foron entregados.

No Concello din que ninguén lles fai caso e que xa perderon un ano vexetativo, polo que sería de xustiza que o prazo empézase a contar dende que as parcelas sexan entregadas. Por iso, a pregunta que facemos dende o Partido Popular é clara: Por que tras un ano da súa adxudicación, aínda non entregaron os hortos ao seus adxudicatarios. Grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señora Mar Carballas. Contéstalle a señora Ana Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Os hortos entregaranse no momento que sexan recollidos os materiais que hai alí das persoas que utilizan estes hortos e perimetrada a zona, poñeranse a disposición dos adxudicatarios.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 163/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA RECUPERACIÓN DA NORMALIDADE NA RÚA QUIROGA BALLESTEROS E OUTRAS CUESTIÓNS RELATIVAS ÁS OBRAS DO CENTRO HISTÓRICO.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

En data de martes, 22 de xuño de 2021, o Tenente Alcaldesa Rubén Arroxó afirmou, referíndose a rúa Quiroga Ballesteros, que *"dende hoxe as veciñas e veciños contamos con máis espazo peonil no centro histórico"*.

Pouco despois, en data de 29 de setembro de 2021, a alcaldesa Lara Méndez anuncia *"Crearemos una red peatonal íntegra entre murallas que será funcional, segura, cómoda, accesible, atractiva y adaptada al cambio climático"*, engadindo *"que incluyan mayores zonas de ajardinamiento y arboleda, ya que el casco histórico es deficitario"*.

Cinco anos despois destas grandilocuentes novas podemos facer un balance sinxelo e obxectivo destes anuncios.

Cal foi o resultado da intervención na rúa Quiroga Ballesteros?

Unha RÚA INHÁBIL para calquera tráfico, rodado ou peonil. Rodado pola errada proporción volumétrica dunhas lousas pétreas que non soporta o uso normal de calquera rúa do mundo, onde un camión de lixo fai o seu traballo sen romper o solo. Peonil porque esa rotura ven de xerar un problema de saúde pública con decenas de veciños atendidos en urxencias xeradas polas innumerables caídas producidas.

Cal foi o resultado da iniciativa sorprendentemente coñecida como “Corazón Verde”?

Un alongado TEMPO de obras que xa supera o dobre do previsto (cun recentemente anunciado remate do que está rematado... pero non do que non o está)

Un gran PREXUICIO ECONOMICO, cuantificable e non compensado, na actividade empresarial do centro de Lugo.

Un irreparable DANO NO RUEIRO existente (rúa Nova, rúa San Marcos, rúa Quiroga Ballesteros)... pendente de novas obras de arranxo

Un CUSTO directo para os lucenses de preto de 5.000.000 € (hoxe, maña mais para arranxar a desfeita producida)

Un PÁRAMO PÉTREO, desolador e moi pouco amigable, sen o verde do centro do Lugo de antano.

Unha INCERTIDUME DE USOS e modos de vida dos residentes, dos traballadores e dos visitantes do casco histórico, que son tristemente dependentes das ocorrencias que o goberno municipal de a luz a partires do final dunhas obras que non previron o resultado das mesmas para o tráfico rodado.

A resultas dos referidos anuncios do ano 2021 e a triste realidade na que nos atopamos no 2025, o grupo municipal do PP, en atención ao malestar e as dúbidas dos condutores que sortean as gymkanas das obras, os sancionados por non ter coñecido ou comprendido as reorganizacións do tráfico interior, os moitos peóns danados nas evitables caídas, os negocios e profesionais prexudicados polas eternidade das obras, os economicamente prexudicados polo sobrecusto desta iniciativa e que verán reducidos os futuros servicios deste Concello e os prexudicados pola imprevista xestión que se improvisará para dar un triste sentido ao ocorrido nestes derradeiros catro anos, o grupo municipal do Partido Popular formula, perante a PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, a seguinte PREGUNTA:

Que vai facer o goberno municipal para recuperar un normal servizo na rúa Quiroga Ballesteros, rematar con éxito as obras iniciadas, compensar o prexuício económico xerado, reparar o danado rueiro existente, recuperar os cartos dos lucenses empregados nesta iniciativa, restablecer unha imaxe verde e amigable do casco histórico e proporcionar certidume aos residentes, traballadores e visitantes que están a ver moi prexudicada a súa vida, costumes e intereses?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra o señor Ramón Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día. Esta pregunta vai sobre a situación que xa todos coñecemos, que levamos dous anos ou máis vivindo no centro. Unha situación moi difícil para todos os usuarios, para os visitantes e que xa é unha preocupación notoria para todos os lucenses, porque mesmo apareceu

na segunda das enquisas que se publicaron estes días, aparecía nos primeiros lugar estas preocupacións. Centro a nosa pregunta na rúa Quiroga Ballesteros, porque é unha rúa especialmente clave na mobilidade do centro de Lugo, e na que se actuou moito antes que nas outras e na que se buscaba, como no resto da intervención, unha bonita imaxe que neste caso nin sequera se conseguiu, porque no tempo que levamos de vida desa rúa nin un só día lembro que non houbera artigos varios, para evitar o que todos sabemos que ocorre, que non pase o tráfico rodado, como tería que pasar nunha rúa normal, porque sabemos que rompe ou que non circulen os peóns por onde poden ter unha caída que en ocasións é especialmente grave.

Entón, pois sabemos que queda moito para o remate disto e moito que facer por diante e especialmente a organización do tráfico, que é o que hoxe ten a moitísima xente pendente disto, porque nin se pode investir no centro non sabendo que vai ocorrer, nin a xente que precisa do automóbil para chegar á súa casa, pode facelo con normalidade, pensemos nunha persoa que emprega unha cadeira de rodas, persoas maiores, que precisan para almacenaxe, para o transporte, etcétera, etcétera, e que aínda non saben como teñen que comportarse, investir, organizar a súa vida para o futuro, pois esta pregunta vén a requirir de vostedes certeza para toda esa xente que hoxe non sabe aínda o que vai ocorrer, é que ben ten merecido despois do que ten todo o que ten pasado.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois ten a palabra agora para contestar o concelleiro Alex Pena. Cando queira.

DON ALEXANDRE PENA ROIBÁS: Moi ben, moitas grazas señor alcalde. Para contestarlle a súa pregunta de que vai suceder para recuperar o normal servizo de Quiroga Ballesteros, e como comeza a súa a súa intervención. Ben, pois como por todos é sabido, por mor das obras do centro, que son obras moi importantes, que afectan a moitísimas rúas, foi necesario que pasara o tráfico por aí, cando esa non era, digamos, a idea inicial desa rúa, pero cando fas as obras dunha extensión tan grande, ás veces é necesario. Que se vai facer? Cando xa se poña en servizo esa rúa para todos os veciños, pasarán simplemente os coches autorizados, os vehículos autorizados e os peóns, nada máis. Iso é o que vai suceder, e agora xa están a piques de rematar as obras en xeral, entón de maneira inminente, este ano esa rúa quedará como estaba previsto e como estivo previsto anteriormente, con paso de peóns exclusivamente e de servizos. É o que vai pasar.

Con respecto ao resto da pregunta, que é unha pregunta moi longa, pois dicir que nós seguiremos traballando para conseguir unha cidade, un centro cos menos vehículos posibles, o máis humanizado posible, igual que no resto da cidade, esa é unha folla de ruta que eu creo que non engana a ninguén, que todo o mundo sabe que ten este goberno, tanto a parte socialista como a do BNG, é polo que apostamos nos diferentes barrios e tamén no centro, e creo que iso é luz e taquígrafos. Pois agora acabaran as obras e teremos un centro moito máis humanizado, moito máis para os peóns e con menos vehículos, e iso vai ser unha realidade inminente.

E dígolle tamén ao que non imos facer, non imos enganar á xente. Xa digo, o noso é completa transparencia, non imos ir por detrás a falar con outras administracións. Eu falo da praza da Constitución onde hai certos consensos sociais de toda a cidade para facer aí unha gran praza para todos e que xa existía, nós temos un proxecto, outra xente tiña outro, pero si que ía haber unha gran praza, pois unha traizón que se fixo a Lugo por parte da voceira do seu partido, e así presumía co señor Diego Calvo de Marineda City, ese que tanto apoiou o comercio de Lugo, pois ir por detrás para facer unha traizón aos lucenses, porque é así de claro, unha traizón aos lucenses sobre urbanismo e o modelo de cidade que queremos, porque iso era clave para Lugo. A ver se o damos reconducido. Iso non o imos facer. Nós luz e taquígrafos nas nosas obras, e tampouco imos facer, que isto xa saíu moitas veces aquí, mirar a ningún concello do Partido Popular para ver algún exemplo, porque non teñen ningún modelo de mobilidade, no urbanismo humanizado que exista en ningún punto do país, non teñen un. Eu voulle poñer un exemplo. Cando chegamos nós aquí a proposta do Partido Popular para Recatelo, un barrio practicamente peonalizado era: Por favor, póñanse bolardos para que non se suban os coches nas beirarrúas, ese é o proxecto do Partido Popular de mobilidade, meterían coches de alta na catedral de Mondoñedo, se lles deixan. Nada máis.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois grazas tamén señor Penas.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 164/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN DAS ESCRITURAS DAS VIVENDAS DO BARRIO DA CROA.- Visto o devandito escrito cuxo teor é o seguinte:

No consello de administración de EVISLUSA celebrado o pasado mes de marzo, e ante a pregunta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a situación na que se atopaba a tramitación das escrituras das vivendas de A Croa, o xerente da entidade indicaba que o expediente estaba rematado nos trámites notariais e que estaba pendente de despachar co alcalde para continuar cos procedementos.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

Cando se van producir avances neste tema toda vez que depende do alcalde?

DELIBERACIÓN

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pregunta que formula a señora Candia, que lle damos a palabra. Cando queira.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois cheos de forza e de ánimo polo ben que o estamos facendo, e nomeadamente a miña persoa, que estivo presente en todas as iniciativas, preguntamos por outra iniciativa. Xa perdín a conta das veces que o consultamos nesta sesión plenaria. É certo que só preocupa cando hai eleccións,

como tantas outras cousas, e neste caso traio aquí a recordo a resposta que se nos deu no Consello de Administración de Evislusa que se celebrou o pasado mes de marzo, que preguntamos dende o Grupo Municipal do Partido Popular sobre a situación na que se atopaba a tramitación das escrituras das vivendas da Croa, a quen saúdo aos seus veciños, que hoxe nos acompañan. O xerente da entidade indicaba que este expediente estaba rematado, no que os trámites notariais se refería, e persoalmente explicaba que estaba pendente de despachar co alcalde para continuar cos procedementos. Como nesta sesión, aínda que as preguntas, e moi especialmente as respostas, non son tomadas moi en serio, pero non en vano é un asunto moi importante para estas familias e tamén para o Grupo Municipal do Partido Popular, hoxe preguntámoslle no Pleno cando se van producir avances neste tema; se, efectivamente, xa despachou cos técnicos correspondentes e cando os veciños da Croa van poder dispoñer das escrituras das súas vivendas, que tantos anos levan esperando, que tantas promesas se lles fixeron, nomeadamente por persoas como vostede, señor alcalde, e que, aínda a día de hoxe, non son unha realidade. Esa é a pregunta, o que lle agradecería é unha concreción o máis exacta posible, e fágolles a advertencia despois de todas esas cousas que levamos escoitado nesta sesión plenaria.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, moitas grazas, señora Candia. Contesta o concelleiro Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Un saúdo aos veciños e veciñas do barrio da Croa. Non é un procedemento sinxelo. O procedemento administrativo está levando todos os trámites necesarios e esperamos rematar con toda a brevidade posible, porque xa non é... ten que despachalo o alcalde, pero ten que pasar polo Departamento Xurídico e Patrimonial, e, ben, unha serie de áreas e departamentos que tamén teñen que emitir o seu informe. Entón, nada, na maior brevidade posible. Seguiremos traballando para conseguir este obxectivo.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás trece horas do expresado día 29 de maio de dous mil vinte e cinco, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.